



UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Memoria de Actividades

1999-2001



Memoria de Actividades 1999-2001
UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

DIRECTOR

Xavier Méndez Martínez

DEPARTAMENTO DE TERRITORIO E ESCOLAS OBRADOIRO

José Manuel Búa Gil

Técnico en proxectos de obra e urbanismo.

María José Piñeira Mantiñán

Técnica en desenvolvemento e avaliación territorial.

Carmen África Marchante Pérez

Auxiliar-técnica en delineación.

DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Susana María Dávila Barba

Técnica en promoción económica, emprego e formación.

Zara Pousa Arbones

Técnica en promoción económica, emprego e formación.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Carmen López Fernández

Técnica en orientación e inserción sociolaboral.

Ana Isabel Pascual Martínez

Técnica en orientación e inserción sociolaboral.

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

José Angel Méndez Pardo

Técnico en informática.

Juan Carlos Fernández Enseñat

Auxiliar-técnico en deseño gráfico.

DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN

Esperanza Costas Costas

Auxiliar-técnica administrativa.

Ana Isabel de Mena Lagarejos

Auxiliar-técnica administrativa.

Deseño gráfico: Juan Enseñat

Imprime: Tórculo

Edita: Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Depósito legal: VG-682-2001

ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	Pax 5
A UPD COMO INSTRUMENTO DE DINAMIZACIÓN.....	Pax 7
ESTRUCTURA DEPARTAMENTAL DA UNIDADE E CADRO PROFESIONAL.....	Pax 9
DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO E EMPREGO.....	Pax 11
DESEÑO E REDACCIÓN DE PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO.....	Pax 25
APOIO E DINAMIZACIÓN DOS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.....	Pax 41
TRABALLOS COMPLEMENTARIOS REALIZADOS POLOS DIVERSOS DEPARTAMENTOS DA UPD.....	Pax 57
PARTICIPACIÓN DA UNIDADE EN ACTIVIDADES FORMATIVAS E FOROS.....	Pax 59
CLAUSURA DA UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO.....	Pax 61
CARA UN NOVO PROXECTO DE UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO.....	Pax 63

UNIDADE DE PROMOCIÓN
E DESENVOLVEMENTO
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



PRESENTACIÓN

Cando un proxecto remata cómpre sometelo a un proceso de avaliación que permita efectuar unha reflexión en profundidade arredor do conxunto de factores que viñeron en determinar os seus acertos e carencias, co fin de poder tirar conclusións e mellorar, se cadra, os resultados de cara ó futuro.

Agora ben, con independencia da valoración que se poida realizar do traballo da Unidade, e deixando a un lado os seus elementos máis tanxibles, é preciso salientar antes de nada algúns aspectos que poden pasar desapercibidos pero que, ó noso entender, resultan claves á hora de valorar na súa xusta medida o que son as Unidades de Promoción e Desenvolvemento.

En primeiro lugar, cómpre salientar a singularidade e importancia que reviste a propia existencia das Unidades de Promoción e Desenvolvemento como ferramentas xenuinas das que, hai case doce anos, se dotou a administración pública co fin de poder incrementar o valor e repercusión das políticas de emprego no ámbito local, especialmente os programas de emprego-formación e, ó tempo, abrir e promover estratexias e accións de desenvolvemento do territorio, principalmente polo que se refere á promoción socioeconómica e a creación de emprego das áreas onde estes proxectos se desenvolven. Vaia dende aquí o noso recoñecemento ós promotores destas unidades que se teñen mostrado tan beneficiosas para as áreas nas que interveñen.

En segundo lugar, gostaríanos destacar a importancia que reviste o traballo interdisciplinar en materia de desenvolvemento local, por riba das iniciativas ou accións específicas que cada proxecto concreto de UPD poida levar a cabo.

Estas accións no eido do desenvolvemento local, pónense de manifesto en frentes tan diversos como a creación de emprego, a consecución da formación necesaria para a cualificación profesional da poboación, a dotación equipamental e infraestructural precisa para o logro de mellores servizos públicos, a protección e revalorización do patrimonio cultural, natural e do medio ambiente, ou a busca dun equilibrio territorial que garanta as máis altas cotas posibles de benestar social e un desenvolvemento sostido dos recursos propios en pequenos ámbitos de intervención.

Pensamos a este respecto que as UPD teñen representado e seguen a representar unha aposta decidida pola asunción dunha perspectiva global na análise e na busca de solucións ós problemas existentes no ámbito local.

Dende o proxecto que vimos de finalizar, e do que agora presentamos a súa memoria de activida-

des, as compañeiras e compañeiros do equipo, formando un núcleo transdisciplinar, temos posto en práctica e contrastado coñecementos teóricos, métodos de análise, formas de traballo diferentes que, aplicados ós obxectivos da UPD, tennos permitido acadar uns resultados moi apreciábles con respecto ós retos que nos marcamos inicialmente.

Ahí queda o noso labor en campos tan diversos como a elaboración de estudos territoriais e propostas estratéxicas aplicadas á área de Vigo, o deseño e maduración de proxectos europeos que actúan no ámbito do desenvolvemento local, como o proxecto Compás-Equal, a colaboración co Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Mancomunidade de Vigo e cos axentes de desenvolvemento local e técnicos locais de emprego dos distintos concellos, o apoio e redacción dunha vintena de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego en toda a provincia, as actividades formativas que teñen chegado a maioría das escolas e obradoiros neste período e a máis dun milleiro de alumnas e alumnos-traballadores, e os servizos telemáticos e de asesoramento, materiais e recursos de apoio a formadores e directivos de escolas obradoiro, por citar sómentes algúns campos de actuación.

Boa parte da enerxía investida neste tempo por parte do equipo dirixíuse xustamente a promover e xestionar servizos con demanda e infraestructuras de apoio ós programas de emprego, e especialmente ás escolas obradoiro, obradoiros de emprego e técnicos de desenvolvemento. Estes servizos e recursos teñense traducido nunha demanda crecente dos mesmos, o que deberá fundamentar no futuro próximo novas accións e servizos que, aproveitando os xa existentes, melloren e potencien as súas prestacións e os seus resultados.

Se todo este traballo, froito da nosa Unidade, contribúe ó benestar dos cidadáns e das cidadás ós que as entidades promotoras e cofinanciadoras deste proxecto teñen que servir, daremos por ben empregado o noso esforzo.

Xavier Méndez Martínez

Director da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo



A UPD COMO INSTRUMENTO DE DINAMIZACIÓN

¿Qué son as UPD?

As unidades de promoción e desenvolvemento son equipos profesionais destinados a apoiar os programas públicos de emprego e promover as potencialidades do territorio en termos de desenvolvemento. Ademais, estas unidades centran de forma especial os seus esforzos na asistencia ós programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego no ámbito provincial.

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo foi promovida por esta entidade pública e contou coa cofinanciación da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e o Fondo Social Europeo. As súas actividades deron comezo o 29 de decembro de 1998 e concluíron o día 28 de xuño de 2001.

Estes equipos interdisciplinares comezaron a súa andaina en 1990 en todo o Estado español, creados polo Ministerio de Traballo dentro do Programa de escolas obradoiro e casas de oficios, destinandoseselles á realización de programas de desenvolvemento sostible sobre áreas territoriais concretas, ademais de apoiar as necesidades do programa de escolas obradoiro e doutros programas similares implantados nos seus ámbitos de intervención.

En 1994, o Ministerio de Traballo introduce unha nova regulamentación das Unidades de Promoción e Desenvolvemento, potenciando a súa orientación cara as accións de apoio ó programa de escolas obradoiro no ámbito provincial e a análise e promoción das oportunidades de desenvolvemento e emprego no territorio.

En 1995 púxose en marcha o primeiro Módulo de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área intermunicipal de Vigo, que ó longo do seu período de actividades tratou de compatibilizar a formulación de estratexias de desenvolvemento territorial relacionadas co aproveitamento e potenciación dos recursos locais, co apoio permanente ós programas públicos de emprego e as políticas de inserción laboral.



No ano 1997 prodúcese o proceso de transferencia de funcións e servicios en materia de traballo, emprego e formación entre a Administración do Estado e a Xunta de Galicia, momento no que as políticas activas de emprego pasan a ser competencia da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

En 1999 a Xunta de Galicia aproba os decretos que establecen o programa de obradoiros de emprego e o programa de escolas obradoiro e casas de oficios, como programas mixtos de formación-emprego destiñados á ocupabilidade de desempregados.

Durante 1999 e ata xuño de 2001, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo veu desenvolvendo un importante labor de apoio a estes programas públicos de emprego en toda a provincia de Pontevedra, ó tempo que se ten acompañado e apoiado ás entidades e actores locais nas accións de desenvolvemento e emprego no ámbito local.

Coincidindo coa finalización de actividades das diversas unidades de promoción e desenvolvemento existentes en Galicia para o período 1999-2001, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude ven de publicar un decreto que establece o funcionamento das UPD para o futuro e abre un novo período de actividade que virá a reforzar os servicios prestados durante este tempo por estas unidades.

OBXECTIVOS DA UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

Os obxectivos marco que se establecen para as unidades de promoción e desenvolvemento son:

- ▶ A análise e promoción das potencialidades de desenvolvemento e emprego do territorio.
- ▶ A promoción e apoio dos proxectos de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio.
- ▶ A dinamización do programa de Escolas Obradoiro e Casas de Oficio.
- ▶ A avaliación dos proxectos de Escolas Obradoiro e a súa repercusión sobre o ámbito de actuación.
- ▶ O desenvolvemento de medios de cara a inserción laboral e a promoción de iniciativas empresariais.



LIÑAS DE ACTUACIÓN DA UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

A partires dos obxectivos establecidos pola administración para as unidades de promoción e desenvolvemento, as liñas de acción sobre as que a UPD da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo centrou os seus principais esforzos foron as seguintes:

- ▶ Análise das potencialidades para o desenvolvemento e o emprego no territorio.
- ▶ Colaboración con entidades locais en accións e proxectos de desenvolvemento.
- ▶ Potenciación das políticas activas de emprego no ámbito local.
- ▶ Apoio e potenciación do traballo que levan a cabo os axentes de desenvolvemento local e os técnicos locais de emprego.
- ▶ Elaboración de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- ▶ Apoio ó programa de escolas obradoiro na provincia de Pontevedra, a través da colaboración cos proxectos postos en marcha e a elaboración de medios e recursos.



ESTRUCTURA DEPARTAMENTAL DA UNIDADE E CADRO PROFESIONAL

ORGANIGRAMA DEPARTAMENTAL

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo conformada durante este período de actividades polos seguintes departamentos:



CADRO PROFESIONAL

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estaba conformada a 28 de xuño de 2001 polos seguintes profesionais:

EQUIPO TÉCNICO:

José Manuel Búa Gil

Técnico en proxectos de obra e urbanismo.(29/12/98-28/6/01)

Esperanza Costas Costas

Auxiliar-técnica administrativa. (10/3/99-28/6/01)

Susana María Dávila Barba

Técnica en promoción económica, emprego e formación. (6/3/00-28/6/01)

Juan Carlos Fernández Enseñat

Auxiliar-técnico en deseño gráfico. (29/12/98-28/6/01)

Carmen López Fernández

Técnica en orientación e inserción sociolaboral.(29/12/98-28/6/01)

Carmen África Marchante Pérez

Auxiliar-técnica en delineación. (29/12/98-28/6/01)

Ana Isabel de Mena Lagrejos

Auxiliar-técnica administrativa. (29/12/98-28/6/01)

José Angel Méndez Pardo

Técnico en informática. (29/12/98-28/6/01)

Ana Isabel Pascual Martínez

Técnica en orientación e inserción sociolaboral. (29/12/98-28/6/01)

María José Piñeira Mantiñán

Técnica en desenvolvemento e avaliación territorial. (29/12/98-28/6/01)

Zara Pousa Arbones

Técnica en promoción económica, emprego e formación. (29/12/98-28/6/01)

DIRECTOR:

Francisco Xavier Méndez Martínez

Director. (27/3/00-28/6/01)

Igualmente, formaron parte da Unidade de Promoción e Desenvolvemento con anterioridade a esta data:

Milagros Calviño Groba

Directora. (29/12/98-28/12/99)

Clotilde Collazo Rodríguez

Técnica en desenvolvemento e avaliación territorial.(17/8/99-16/10/00)

Águeda Gómez Suarez

Técnica en desenvolvemento e avaliación territorial. (29/12/98-15/8/99)

Elsa Hermida Torres

Técnica en desenvolvemento e avaliación territorial. (20/11/00-9/4/01)

María del Mar López Pérez

Auxiliar-técnica administrativa. (29/12/98-7/3/99)

Rosa María Verdugo Matés

Técnica en promoción económica, emprego e formación. (29/12/98-24/2/00)



DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO E EMPREGO

O territorio, ademáis de soporte físico das actividades humanas, garda en si mesmo os fundamentos do seu propio desenvolvemento.

Para a UPD resulta fundamental o coñecemento do territorio, dos seus recursos e das súas características sociais, económicas e culturais. O recoñecemento en profundidade dun territorio permite determinar as súas potencialidades e buscar saída ás necesidades e problemas existentes, podéndose ofrecer así novas alternativas de crecemento e emprego.

A este respecto, a UPD veu actuando a dous niveis:

- ▶ Elaboración de estudos territoriais e colaboración na redacción de plans e proxectos de emprego e desenvolvemento local, especialmente aqueles referidos a programas de emprego-formación. Tratáronse de adecuar as estratexias locais de fomento do emprego ás características e potencialidades dos territorios, sempre en liña coas directrices que establecen as políticas activas promovidas pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.
- ▶ Colaboración con axentes de emprego e centros de desenvolvemento local mediante o asesoramento e cooperación en proxectos diversos (programas de emprego, planificación de actividades dos axentes de desenvolvemento local, plans de formación, articulación de proxectos de emprego e desenvolvemento socioeconómico susceptibles de concurrir a iniciativas e programas europeos, etc.).



ANÁLISE DE RECURSOS DO TERRITORIO E ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO

As UPD son instrumentos de intervención no ámbito local que deben avaliar e animar as potencialidades de desenvolvemento no territorio, colaborando na elaboración de plans integraís e proxectos que promovan o emprego e fundamenten o éxito das políticas activas que se aplican e, máis concretamente, dos programas de emprego-formación.

Dende a UPD leváronse a cabo labores diversas de análise e diagnóstico da realidade socioeconómica e territorial nos espazos obxecto de estudo, executando análises aplicadas as necesidades dos proxectos nos que colaboramos.

ELABORACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE CARÁCTER TERRITORIAL

► PUBLICACIÓN DO “ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DA ÁREA DE VIGO”

Este estudio, destinado a axentes de emprego e desenvolvemento da área de influencia de Vigo, e aquelas outras entidades interesadas na materia, pretende proporcionar información detallada das características dos concellos que integran a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo, proporcionando así unha aproximación ás características fundamentais do territorio e da súa poboación que poida servir de elemento de información e apoio para basear as diferentes propostas de emprego, formación e desenvolvemento local na área de Vigo.



O citado estudio aborda informacións de carácter territorial, demografía, mercado de traballo, nivel de renda e outros indicadores socioeconómicos, actividades empresariais, formación regrada, problemática social, axentes sociais e tecido asociativo, cultura e patrimonio, vivenda, infraestructuras e equipamentos.

O estudio estrutúrase arredor de catro diferentes unidades territoriais diferenciadas que agrupan distintos concellos que así poden ser analizados en conxunto. Deste xeito o estudio da área intermunicipal diferencia catro subzonas que son: Val Miñor (Baiona, Gondomar e Nigrán), Zona sureste (Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño), Zona norte (Redondela, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes) e Vigo.

► REDACCIÓN DO “PLANO DE ACCIÓN DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO 1999-2003”

Este plano de acción recolle unha proposta de liñas básicas de actuación da MAIV para o período 1999-2003.

Preténdese establecer un documento que recolla as diferentes necesidades e intereses dos concellos da Mancomunidade nunha estratexia común e global de desenvolvemento para o cuatrienio, permitindo unha maior coordinación das accións locais e dos axentes e entidades relacionadas co desenvolvemento das accións que se perseguen, que sirva de referencia ós diferentes concellos que a integran e a outros actores locais relacionados coas accións propostas.

O plano establece todo un conxunto de propostas de acción dentro das liñas adicadas a promoción económica, emprego e formación; dinamización sociocultural, medio ambiente e recursos



naturais, actividade turística, servicios públicos, xestión interna e comunicación.

Este plano foi presentado, xunto co Documento de traballo “**Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Estratexias e programas**” na reunión celebrada polos alcaldes dos municipios da Mancomunidade de Vigo celebrada os días 19 e 20 de novembro de 1999 en Soutomaior e no que se elaborou a “Declaración de Soutomaior” a prol da constitución da área metropolitana de Vigo.

▶ OUTRAS COLABORACIÓNS

Redacción do estudo “Fornelos de Montes. Estratexias de desenvolvemento”

Realizado a modo de experiencia piloto, con este estudo se pretendeu investigar as potencialidades do territorio e do emprego, así como realizar unha prospección dos recursos endóxeos nun concello rural de interior como é Fornelos de Montes.



Colaboración co Plan Estratéxico de Vigo e a súa Área

Colaborouse cos técnicos responsables da supervisión do estado de actualización e cumprimento do antigo Plan Estratéxico de Vigo e a súa Área (PEVA), ó tempo que co equipo responsable da redacción do novo Plan Estratéxico 2010 no referido á sumministración de información territorial sobre servicios da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e sobre accións de emprego e formación na área.

SERVICIOS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA

Durante este período de actividades, a UPD tivo que elaborar ampla documentación cartográfica para a complementación de informes, estudos e proxectos diversos, empregando para este fin sistemas informáticos que permitiron a elaboración de cartografía dixital referida á área de Vigo e a provincia de Pontevedra.

▶ Elaboración do documento “Área Intermunicipal de Vigo. Estudio estatístico-cartográfico de análise territorial”

Documento cartográfico, composto por máis dun centenar de mapas temáticos que proporcionan información variada, empregando datos a nivel municipal e parroquial, en temas como a estrutura poboacional, a actividade e ocupación laboral, nivel de renda e parámetros de desenvolvemento, actividades económicas, equipamentos e infraestructuras, etc. O conxunto destas informacións permiten visualizar e coñecer en profundidade os contrastes internos existentes entre os distintos municipios que integran a área de Vigo, de cara a promover políticas de integración do territorio.



COLABORACIÓN COA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO NA POTENCIACIÓN DE ESTUDIOS E INICIATIVAS DE CARA Á CONSTITUCIÓN DA ÁREA METROPOLITANA

Durante os anos 1999 e 2000, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento colaborou activamente coa Mancomunidade de Vigo no estudio das áreas e servizos metropolitanos, así como na elaboración de propostas de estudio para a conformación da área metropolitana de Vigo.

› Redacción do informe “As mancomunidades de municipios. Unha visión supramunicipal da xestión local”

Este informe recolle ampla información sobre as perspectivas existentes na actualidade para a resolución de problemáticas no ámbito supramunicipal. No estudio analízanse, entre outros aspectos, o réxime xurídico e competencial das administracións locais, estúdanse modelos de mancomunidades de municipios, atendendo ás distintas formas de xestión de servizos que adoptan e se establece unha comparación entre mancomunidades e outros modelos de organización territorial como os consorcios, as comarcas e as áreas metropolitanas.

› Redacción de memorias-propostas de estudio sobre a área metropolitana de Vigo

Colaborouse en 1999 coa Mancomunidade de Vigo na redacción do **Proxecto para a realización de estudos técnicos sobre a área metropolitana de Vigo**, que foi presentado no marco das axudas establecidas pola Consellería de Xustiza para a realización de estudos para a conformación de entidades supramunicipais. Este proxecto foi subvencionado e permitiu a contratación de diferentes estudos sectoriais en materia de réxime xurídico, infraestruturas, promoción económica, desenvolvemento turístico e xestión medioambiental no ámbito metropolitano.

No ano 2000 foi presentado ante a Consellería de Xustiza o **“Proxecto para a realización de estudos sobre servizos metropolitanos de transporte na área de Vigo”**, que tamén foi aprobado e permitiu a realización de novos estudos sectoriais de implantación de servizos na área metropolitana.



OUTRAS COLABORACIÓNS ESTABLECIDAS COA MANCOMUNIDADE DE VIGO E ENTIDADES PÚBLICAS EN MATERIA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E XESTIÓN LOCAL

Durante todo o seu período de actividades, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento veu colaborando en diversas tarefas de apoio a municipios e outras entidades con respecto á promoción dos recursos locais, a potenciación dos seus servizos públicos e o desenvolvemento socioeconómico do territorio.

Actuouse así, por exemplo, en ámbitos como as infraestruturas e a xestión ambiental, a dinamización socioeconómica, a promoción de recursos turísticos, etc.

Entre estas colaboracións, podemos salientar as seguintes:

- ▶ **Elaboración dun modelo de enquisa sobre recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos a nivel municipal.**
- ▶ **Redacción do Informe “Recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos nos concellos da área de Vigo”.**
- ▶ **Colaboración coa Mancomunidade de Vigo no deseño e elaboración de contidos da súa páxina web.**
- ▶ **Inventariado de recursos turísticos para a elaboración de cartografía turística a nivel municipal e o seu volcado na páxina web da Mancomunidade de Vigo.**
- ▶ **Colaboración co concello de Pazos de Borbén e a Deputación Provincial de Pontevedra no deseño e elaboración de material promocional turístico para este concello.**
- ▶ **Elaboración de “Propostas de acción en materia de igualdade e integración laboral para concellerías e departamentos municipais da muller”.**
- ▶ **Inventariado e catalogación de fondos bibliográficos e documentais da Mancomunidade de Vigo. Elaboración dunha base de datos documental**

COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS NO APOIO E POTENCIACIÓN DE SERVICIOS DE DESENVOLVEMENTO E POLÍTICAS DE EMPREGO

A UPD mantivo unha colaboración constante con administracións, axentes de emprego e centros de desenvolvemento local mediante o asesoramento e a cooperación en proxectos diversos como a elaboración de programas de emprego, a creación de servizos e infraestruturas de apoio á dinamización económica do territorio, a planificación de actividades dos axentes de desenvolvemento local, plans de formación, campañas de sensibilización social, actividades de promoción da iniciativa empresarial, etc.

En definitiva, a Unidade veu colaborando coas entidades locais co fin de poder garantir a máxima adecuación das políticas activas de emprego ás características e potencialidades dos territorios nas que teñen lugar.



ANÁLISE DA OFERTA FORMATIVA NA ÁREA DE VIGO E ELABORACIÓN DE PROPOSTAS DE FORMACIÓN

En 1999, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento elaborou o “**Estudio-plano de formación da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo**”, no que se analizan aspectos tales como as distintas actividades formativas que se imparten nos concellos ou os perfís profesionais que contan con maior demanda por parte das empresas da área, de cara a determinar as necesidades de formación existentes na zona e elaborar unha proposta sobre futuros proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego a desenvolver nos vindeiros anos.



APOIO Á CREACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS E SERVICIOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E ASISTENCIA A EMPREENDEDORES

A UPD, en consonancia cos obxectivos que se marcan estas unidades con respecto á potenciación de centros de iniciativa empresarial en ámbitos comarcais, ten colaborado con diferentes entidades en proxectos de implantación de servicios de promoción económica, desenvolvemento local e asistencia a emprendedores.

► **Elaboración do Proxecto “Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Gondomar”**

Este proxecto xurdiu do interese da administración local por constituir un servizo e infraestrutura de apoio ó desenvolvemento da comarca do Val Miñor na localidade de Gondomar, pretendendo que este novo centro se convertira en coordinador da oferta formativa, centro neurálxico de asesoramento para a busca de emprego e a inserción laboral, animador de actividades de autoemprego e iniciativas empresariais e ferramenta de potenciación económica e dinamización social da zona.

Posteriormente, tense colaborado novamente co Concello de Gondomar no **deseño dun viveiro de empresas** dependente do Centro de Desenvolvemento Local deste municipio, cubrindo aspectos de información diversos e colaborando na elaboración dun modelo de bases de xestión.

► **Colaboración coa Mancomunidade de Vigo e o Consorcio de Zona Franca no Proxecto de creación do Centro de Iniciativas Empresariais de A Granxa (O Porriño).**

Os traballos desenvolvidos pola UPD concretáronse na elaboración dunha proposta de instalacións informáticas e de telefonía para o futuro edificio que albergará o viveiro de empresas, proposta que vai acompañada de abundantes planos que detallan estas infraestructuras.

ELABORACIÓN DE MEMORIAS E PROXECTOS DE ACTUACIÓN DE TÉCNICOS DE DESENVOLVEMENTO E EMPREGO PARA AS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

A UPD elaborou durante este período diversas memorias e proxectos de actuación de técnicos de autoemprego, axentes de emprego e desenvolvemento local e técnicos locais de emprego, a solicitude de diversas entidades locais promotoras destes servicios, subvencionados na súa maior parte a través dos programas de cooperación impulsados pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude nestes últimos anos.



PROXECTOS ELABORADOS:

- ▶ **Memoria-proxecto de actuación do Técnico de Autoemprego. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.**
- ▶ **Memoria-proxecto de actuación do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. Concello de Gondomar.**
- ▶ **Memoria-proxecto de actuación do Técnico Local de Emprego. Concello de Salvaterra de Miño.**
- ▶ **Memoria-proxecto de actuación do Técnico Local de Emprego. Concello de Salceda de Caselas.**
- ▶ **Memoria-proxecto de actuación do Técnico Local de Emprego. Concello de Baión.**



ASISTENCIA A AXENTES DE DESENVOLVEMENTO DA PROVINCIA E PARTICIPACIÓN NA REDE DE TÉCNICOS LOCAIS DE EMPREGO DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Durante este período de actividades, dúas técnicas da UPD teñen participado activamente nas xuntanzas quincenais que realiza a rede de colaboración de AEDLs e TLEs da área de Vigo, a través do Servizo de Asesoramento a Emprendedores.

Nesta rede de cooperación se foron integrando os distintos axentes de emprego e desenvolvemento, co obxectivo de prestarse apoio mutuo nas tarefas de asesoramento a proxectos, normalizar procedementos e homoxeneizar os servizos que se prestan mediante o emprego de ferramentas de traballo, materiais e metodoloxías comúns.

Neste senso, a UPD participou nas reunións de traballo, así como nas tarefas de coordinación acordadas, actuando fundamentalmente na captación e prestación de información ó equipo e no establecemento de metodoloxías de traballo comúns.

Con respecto a outros municipios da provincia, a UPD veu prestando servizos de información para a organización de actividades formativas e a redacción de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.



ELABORACIÓN DE MEMORIAS PROXECTO DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Na liña de apoio a entidades promotoras de proxectos de emprego, a UPD colaborou cos concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo na redacción de distintos proxectos de actuación con cargo ás subvencións establecidas pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude no marco dos programas de cooperación con entidades locais.

▷ PROXECTO “SERVICIO DE INFORMACIÓN ORIENTADO Ó EMPREGO”

A UPD colaborou no ano 2000 coa Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo na elaboración deste proxecto que propón a contratación dun equipo técnico encargado da conformación de novos sistemas e tecnoloxías da información aplicados ós ámbitos da promoción do emprego nos municipios que integran a Mancomunidade de Vigo.

▷ PROXECTO “CREACIÓN DUN SERVICIO DE INFORMACIÓN EMPRESARIAL DE APOIO A EMPREENDEDORES E TÉCNICOS DE ASESORAMENTO”

Elaborado en colaboración co Servicio de Asesoramento a Emprendedores, este proxecto establece a creación dun servicio de apoio a emprendedores e técnicos de asesoramento a través do emprego das novas tecnoloxías e a conformación de produtos como a creación dunha plataforma de negocios a través de Internet, servicios de asesoramento on-line, creación dun boletín electrónico de asesoramento a emprendedores, etc.

▷ PROXECTO “ACTUACIÓNS DE MELLORA E PROMOCIÓN DO SENDEIRO DAS GREAS GR-58”

Elaborado a solicitude da Mancomunidade de Vigo, o proxecto establece distintas tarefas de mantemento e mellora do Sendeiro das Greas (GR-58) que percorre, ó longo de máis de douscentos kilometros, once municipios da área. Igualmente, recóllense actividades tendentes á promoción deste recurso turístico, deportivo e sociocultural.



PROMOCIÓN DO AUTOEMPREGO E DA INICIATIVA EMPRESARIAL

Ofrecese, a través do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE), apoio á rede de axentes de desenvolvemento e técnicos locais de emprego dos municipios que integran a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, colaborando con este servizo en aspectos como a captación e procesamento de información, a actualización de contidos da súa páxina web ou a elaboración de estudos e publicacións.

Igualmente, leváronse a cabo actividades de formación e sensibilización en escolas e obradoiros da provincia e ofrecemos asesoramento a estes centros e os seus alumnos en materia de autoemprego e iniciativa empresarial.

PARTICIPACIÓN NO SERVICIO DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES (SAE)

Durante este período, o Departamento de Promoción Económica da UPD participou nas tarefas desenvolvidas polo SAE, no seu labor de **información ós usuarios deste servizo público** da Mancomunidade de Vigo creado en 1995 polo anterior Módulo de Promoción e Desenvolvemento.

O SAE está aberto dende a súa creación a calquera iniciativa de autoemprego ou creación de empresa que poida xurdir dos colectivos de alumnos e traballadores dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra.

A este respecto, a UPD acometeu unha acción de **comunicación coas escolas e obradoiros da provincia**, coa elaboración dun folleto denominado “SAE-Unidade de Promoción e Desenvolvemento” e a distribución de carteis deste servizo nestes centros de cara a promover a información no alumnado, o que tamén se fixo a través das **actividades formativas sobre autoemprego e iniciativa empresarial** que a UPD impartiu nas escolas e obradoiros.

Ademais de colaborar nos procesos de **asesoramento a usuarios do servizo** e na **elaboración de informes sobre determinadas iniciativas empresariais** atendidas polo SAE, o persoal da UPD ten colaborado na **elaboración de manuais de procedemento** para a realización de consultas a emprendedores, así como no **seguemento das empresas creadas** a través do servizo.

Igualmente, tense colaborado no deseño dunha **base de datos para o Servizo** sobre consultas realizadas e empresas finalmente constituídas, así como no desenvolvemento de contidos da **páxina web do SAE**.

Por último, a UPD ten colaborado na **preparación de materiais de exposición** do posto de información que o SAE mantivo aberto no Campus Universitario de Vigo no marco da II Semana Galega do Emprendedor, organizado pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude os días 14 e 15 de novembro de 2000.



MATERIAIS INFORMATIVOS E ACTIVIDADES SOBRE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E CREACIÓN DE EMPRESAS

A Unidade colaborou coa Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e a Xunta de Galicia na elaboración de diferentes materiais informativos e o desenvolvemento de actividades sobre promoción económica e iniciativa empresarial.

▶ “GUÍA PRÁCTICA PARA CREAR UNHA EMPRESA”

Colaborouse activamente na redacción da “Guía practica para crear unha empresa”, promovida pola Mancomunidade de Vigo e o Concello de Vigo e cofinanciada por fondos europeos e a Xunta de Galicia.

Esta ampla guía aborda as principais cuestións que calquera emprendedor debe ter en conta á hora de establecer unha empresa, atendendo a aspectos tales como o perfil do emprendedor, o xurdimento da idea empresarial ou a elaboración do plano de empresa.

▶ “GUÍA PRÁCTICA PARA A ACTIVIDADE PESQUEIRA E MARISQUEIRA”

A UPD ten participado no deseño de contidos e redacción desta guía, promovida pola Mancomunidade de Vigo e cofinanciada por fondos europeos da Iniciativa PESCA e o Servicio Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.

A guía pretende proporcionar información precisa ás mulleres que poidan estar interesadas na realización de actividades económicas vencelladas ós recursos pesqueiros. Trátanse así aspectos como o réxime de funcionamento das confrarías, os regulamentos existentes para estas actividades, comercialización e etiquetaxe de produtos, etc.



▶ ORGANIZACIÓN E IMPARTICIÓN DE SEMINARIOS SOBRE IDEAS EMPRESARIAIS

A UPD coordinou e impartiu seminarios que se celebraron en todos os concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, entre os meses de febreiro e xuño de 1999, dentro do denominado “Programa de circulación de ideas empresariais”.

Estes seminarios realizáronse co obxectivo de sensibilizar ós colectivos locais sobre as iniciativas empresariais e lograr o xurdimento de novos proxectos na área de Vigo.



► COLABORACIÓN COA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN PARA A CONSERVACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DO MEDIO RURAL

Colaborouse coa Mancomunidade de Vigo na supervisión das accións que se levaron a cabo en diferentes concellos da área con respecto a esta campaña, tales como a exposición temática itinerante e as charlas de sensibilización impartidas en centros veciñais e locais municipais.



PROMOCIÓN DE PROGRAMAS E INICIATIVAS EUROPEAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento veu realizando ó longo dos últimos dous anos unha importante tarefa de captación e procesamento de información referida a iniciativas e programas da Unión Europea que poidan ser de interese para a xestión de proxectos orientados á creación de emprego, a formación e o desenvolvemento xeral do territorio.

Por outra banda, durante este período a UPD estivo a colaborar coa entidade promotora na redacción de documentos de traballo, no deseño de propostas de acción e na conformación de asociacións de desenvolvemento capaces de promover a organización do tecido asociativo da área de Vigo e xestionar, chegado o caso, proxectos subvencionados con fondos da Unión Europea.

Nos últimos meses, este tipo de traballos teñense centrado basicamente arredor das iniciativas e programas EQUAL e PRODER II, tendo como colofón a redacción e presentación do “Proxecto Compás” á convocatoria de subvencións da Iniciativa Equal.

INICIATIVA EQUAL

~~A Iniciativa europea EQUAL céntrase no desenvolvemento de novas políticas de emprego que combatan todo tipo de discriminación e desigualdade no acceso ó mercado de traballo e melloren a capacitación e adaptabilidade dos traballadores ó mercado laboral.~~

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento colaborou na preparación e redacción do proxecto “Compás”, presentado pola Asociación de Desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo, integrada pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, a Confederación de Empresarios, as centrais sindicais CIG, CCOO e UGT, a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia.

Entre as tarefas nas que a UPD ten colaborado ó longo deste período, podemos indicar as seguintes:

- ▶ Búsqueda e captación de información e documentación sobre a iniciativa Equal e as políticas europeas en materia de emprego e desenvolvemento. Prospección de proxectos innovadores na Unión Europea e procura de información sobre metodoloxías de emprego, formación e inserción.
- ▶ Elaboración de análises sectoriais diversas sobre “emprego das persoas con dificultades de inserción na área de Vigo”, “análise de factores e situacións de desigualdade no acceso ó emprego na área de Vigo” e “situación do emprego e accións e competencias dos principais axentes locais e rexionais”.
- ▶ Deseño de propostas sobre contidos e estrutura do proxecto “Compás”.
- ▶ Organización e participación en reunións técnicas de membros da Asociación de Desenvolvemento.
- ▶ Exposición do proxecto a diversos socios nacionais e transnacionais.
- ▶ Establecemento de contactos externos con axentes locais, entidades de promoción económica, técnicos de emprego, entidades sociais sen ánimo de lucro, etc., de cara a un maior coñecemento da realidade local na que se desenvolverá o proxecto e unha maior implicación destas entidades e actores nas súas accións.



PROGRAMA PRODER II

O Programa europeo PRODER II diríxese ó desenvolvemento e diversificación económica do medio rural mediante estratexias que fomenten a participación dos actores locais e promovan a posta en valor dos recursos endóxenos do territorio.

A UPD veu colaborando coa entidade promotora en diversas actividades de preparación dun proxecto de desenvolvemento rural para a súa presentación á convocatoria de axudas e subvencións do Programa PRODER II, así como na conformación da Asociación de Desenvolvemento Rural que promoverá e xestionará o proxecto, que está integrada por administracións públicas, asociacións e entidades sen ánimo de lucro.



Neste senso, os técnicos da UPD realizaron labores diversos como:

- ▶ Recollida de información sobre as iniciativas e programas europeos de desenvolvemento rural, experiencias piloto e proxectos innovadores. Elaboración de información sobre as características do espazo rural nos municipios da Mancomunidade de Vigo e sobre aspectos relacionados co proxecto que se elaborará.
- ▶ Análise e inventariado do tecido asociativo no ámbito da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e apoio continuado ás tarefas de constitución da Asociación de Desenvolvemento Rural, que incluíron o deseño e elaboración dun modelo de estatutos da ADR, o apoio no seu proceso de constitución legal e o establecemento de contactos coas entidades locais que se están a integrar na asociación.
- ▶ Impartición de charlas informativas a axentes de desenvolvemento local dos municipios da Área de Vigo para a promoción de iniciativas susceptibles de incorporarse ó futuro proxecto PRODER.
- ▶ Participación en reunións técnicas e sesións informativas convocadas pola Consellería de Agricultura a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, na que participan os grupos de acción local que están a promover proxectos de desenvolvemento na provincia de Pontevedra.
- ▶ Elaboración de documentos de traballo sobre posibles contidos e estrutura do proxecto que será presentado á Unión Europea.



INICIATIVA INTERREG III

Con respecto a esta iniciativa, que ten como cometido principal o desenvolvemento territorial dos espazos transfronteirizos, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento elaborou tres anteprojectos diferentes de cara a súa posible promoción dentro da área de Vigo.

▶ ANTEPROXECTO “SERVICIO DE INFORMACIÓN TERRITORIAL”

Este anteprojecto pretende promover na área de Vigo un conxunto de instrumentos e novas tecnoloxías de información ó servizo das administracións e dos actores locais da zona, especializados na obtención, tratamento e análise de datos referidos ó territorio e os seus recursos, capaces de responder ás necesidades de información existentes de cara a unha correcta xestión do territorio e a planificación do desenvolvemento.

▶ **ANTEPROXECTO “SERVICIO TURÍSTICO INTEGRAL DA EUORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL”**

Proxecto que pretende potenciar o desenvolvemento turístico do eixo Porto-A Coruña, en especial a área comprendida entre Braga e Vigo, co obxecto de dinamizar este espacio e diversificar a súa oferta turística.

▶ **ANTEPROXECTO “SERVICIO DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN TELEMÁTICA”**

Este proxecto pretende potenciar a utilización de novos sistemas de información no ámbito transfronteirizo mediante accións de formación de traballadores, desenvolvemento de sistemas multimedia e sistemas de cooperación entre PEMES de Galicia e Norte de Portugal.



DESEÑO E REDACCIÓN DE PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO

SERVICIO DE ASESORAMENTO A ENTIDADES PROMOTORAS DE PROXECTOS DE FORMACIÓN-EMPREGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A partires de xullo de 1999, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento puxo en marcha un servizo permanente de asesoramento a entidades promotoras de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego a nivel de toda a provincia.

Durante estes dous anos de actividade, a UPD colaborou con concellos, mancomunidades de municipios e outras entidades públicas e sen ánimo de lucro interesadas na promoción do emprego no ámbito local a través dos programas públicos de formación-emprego existentes.

Con este servizo, nos que se integraron os distintos departamentos da UPD, ofreceuse información permanente e concertáronse reunións de traballo coas entidades promotoras a efectos de orientación, deseño e redacción dos proxectos.



Así, durante os últimos dous anos, a nosa unidade logrou atender un total de 45 diferentes solicitudes de asesoramento, provintes de entidades promotoras de toda a provincia, das que finalmente xurdiron 20 diferentes proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

O nivel de apoio prestado foi alto por regra xeral, aínda que estivo en función das prioridades de traballo, das características dos proxectos e das posibilidades das entidades para elaborar os documentos referidos ós proxectos de obra ou servizo. Tratouse así de garantir a uniformidade na presentación dos documentos e a redacción de proxectos de calidade que ofrezan, a través da formación e a experiencia en determinados oficios, maiores posibilidades de inserción laboral ós participantes nestes programas de emprego-formación.

SERVICIOS PRESTADOS POLA UPD:

- ▶ Atención de demandas, prestación de primeiras informacións e apertura de expedientes de asesoramento.
- ▶ Concertación de reunións de traballo coa entidade promotora para a valoración de ideas previas e o establecemento dun plan de tarefas e cronograma de traballo.
- ▶ Deseño inicial do proxecto, definindo tipo de programa formativo a desenvolver, empraçamento da escola ou obradoiro, actividades a realizar e especialidades formativas que comprenderá o proxecto.
- ▶ Colaboración coas entidades promotoras na redacción dos proxectos de obra e servizo, en función das posibilidades e necesidades que estas entidades presenten, así como da complexidade que revistan as intervencións. Os proxectos veñen conformados xeralmente por memorias de actuación, cartografías e planos das intervencións, cadros de medición e costes de obra.
- ▶ Elaboración das memorias socioeconómicas que xustifican o proxecto e determinan as súas características.
- ▶ Elaboración do plano formativo das especialidades previstas e programa de aplicación da formación ó plan de obra.
- ▶ Elaboración dos orzamentos do proxecto, tanto polo que se refere ós gastos de persoal como ós gastos de funcionamento das escolas e obradoiros.
- ▶ Deseño gráfico e maquetación final dos documentos, unha vez elaborados e previamente á súa presentación pública.
- ▶ Entrega á entidade promotora e, en caso de ser necesario, acompañamento na tramitación oficial do proxecto.

RESULTADOS DO SERVICIO:

Expedientes de asesoramento abertos:	46
Proxectos de escola obradoiro redactados:	6
Proxectos de obradoiro de emprego redactados:	14
Total de proxectos redactados entre xullo de 1999 e xuño de 2001:	20

Datos actualizados a 28-6-01

A maior parte dos proxectos elaborados pola UPD durante este período xa foron remitidos polas entidades promotoras á Consellería de Familia e Promoción do Emprego para a súa valoración. Destes vinte proxectos elaborados, unha boa parte xa foron aprobados e se encontran en actividade na provincia de Pontevedra, como é o caso dos obradoiros de emprego "Bidueiro" da Fundación Erguete, Salceda de Caselas, Nigrán, Tomiño, O Rosal ou Vilanova de Arousa, e as escolas obradoiro "Mar de Vigo" e "Camiño de Santiago".




Relación de asesoramentos realizados pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento na provincia de Pontevedra:

Concello de Fornelos de Montes.....	xullo de 1999
Fundación Érguete-Integración.....	xullo de 1999
Concello de Salceda de Caselas (escola obr.).....	agosto de 1999
Concello de Nigrán.....	agosto de 1999
Concello de Salceda de Caselas (obradoiro emp.).....	setembro de 1999
Concello de Tomiño.....	setembro de 1999
Concello de Vigo (espacios litorais).....	novembro de 1999
Concello de Vigo (actividades náutico-turísticas).....	novembro de 1999
Concello de Vigo (intervención sociolaboral).....	novembro de 1999
Concello do Rosal.....	novembro de 1999
Concello de Cotobade.....	novembro de 1999
Concello de Bueu.....	decembro de 1999
Concello de Redondela.....	xaneiro de 2000
Concello de Sanxenxo.....	xaneiro de 2000
Mancomunidade de Vigo (sociedade da información).....	xaneiro de 2000
Mancomunidade de Vigo (medios de comunicación).....	febreiro de 2000
Concello de Nigrán.....	febreiro de 2000
Concello do Grove.....	marzo de 2000
Concello de Vila de Cruces.....	marzo de 2000
Concello de Vilanova de Arousa.....	abril de 2000
Concello de Ribadumia.....	abril de 2000
Concello da Illa de Arousa.....	abril de 2000
Concello de Vilaboia.....	maio de 2000
Concello de Arbo.....	maio de 2000
Concello de Salvaterra de Miño.....	xuño de 2000
Concello do Poriño.....	xuño de 2000
Concello de Vigo. Ofic. de rehab. de vivendas do casco vello.....	agosto de 2000
Concello de Soutomaior.....	setembro de 2000
Consellería de Familia e Promoción do Emprego.....	outubro de 2000
Ateneo Santa Cecilia (Marín).....	outubro de 2000
Concello de Vigo (Pereiró).....	outubro de 2000
Concello de Agolada.....	novembro de 2000
Mancomunidade de municipios do Salnés.....	novembro de 2000
Concello de Marín.....	xaneiro de 2001
Concello do Covelo.....	xaneiro de 2001
Concello de Tui.....	xaneiro de 2001
Concello de Forcarei.....	febreiro de 2001
Concello de Pontevedra.....	febreiro de 2001
Concello de Vigo (Barreiro).....	marzo de 2001
Concello de Crecente.....	marzo de 2001
Concello de Salceda de Caselas.....	abril de 2001
Concello do Poriño (Muiños da Louriña).....	abril de 2001
Concello de Campo Lameiro.....	abril de 2001
Fundación Érguete-Integración.....	abril de 2001
Concello de Valga.....	maio de 2001
Concello de Mondariz.....	xuño de 2001

Relación de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego redactados pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento:

- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Fornelos de Montes”. Concello de Fornelos de Montes
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Nigrán”. Concello de Nigrán.
- ▶ Proxecto de Escola Obradoiro “Mar de Vigo”. Concello de Vigo”.
- ▶ Proxecto de Escola Obradoiro “Salceda de Caselas”. Concello de Salceda de Caselas.
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Salceda de Caselas”. Concello de Salceda de Caselas.
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Bidueiro”. Fundación Érguete-Integración. Vigo.
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Tomiño”. Concello de Tomiño.
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Intervención sociolaboral”. Concello de Vigo.
- ▶ Proxecto de Escola Obradoiro “Sociedade da Información”. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Vilanova de Arousa”. Concello de Vilanova de Arousa
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “O Rosal”. Concello do Rosal
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Salvaterra”. Concello de Salvaterra de Miño.
- ▶ Proxecto de Escola Obradoiro “As Salinas II”. Concello de Vilaboa.
- ▶ Proxecto de Escola Obradoiro “Camiño de Santiago” (tramo Soutomaior-Pontevedra). Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.
- ▶ Proxecto de Escola Obradoiro “Val da Louriña”. Concello do Porriño.
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Covelonatura”. Concello do Covelo.
- ▶ Proxecto de Obradoiro de Emprego “Torrón”. Concello de Salceda de Caselas.




PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO ELABORADOS POLA UNIDADE A SOLICITUDE DE DIVERSAS ENTIDADES PROMOTORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “FORNELOS DE MONTES” CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES

Este proxecto, promovido polo Concello de Fornelos de Montes, e realizado integramente pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento, establece as especialidades de albanería, cantería e axuda a domicilio, para un total de 45 traballadores e traballadoras.


Con respecto ás obras e servizos a desenvolver por este obradoiro durante un ano de actividade, ademais do servizo de axuda a domicilio, adicado a persoas da terceira idade, discapacitados e infancia do municipio, prevese a rehabilitación e ampliación das antigas escolas unitarias para a súa utilización posterior como centro de actividades náuticas-deportivas.



PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “NIGRÁN” CONCELLO DE NIGRÁN

Proxecto promovido polo Concello de Nigrán, no que se propoñen catro especialidades para o emprego de 60 traballadores e traballadoras durante un ano. Estas especialidades son as de albanería, cantería, carpintería e fontanería-electricidade, compostas por 15 traballadores cada unha.

As obras previstas abranguen a rehabilitación da antiga estación de tranvía como Casa da Xuventude, a rehabilitación de 5 contornos urbanos e zonas verdes, o acondicionamento dos vestiarios do campo de fútbol de Vilariño e a modificación da instalación eléctrica do Pavillón deportivo de Panxón.



Este proxecto foi redactado pola UPD, realizándose o proxecto de obra en colaboración cos técnicos municipais. O proxecto foi entregado e presentado ante a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude que o aprobou con algunhas modificacións e recortes que esixiron a redacción dun reformado do proxecto no que colaborou a UPD.

Este Obradoiro de Emprego púxose en marcha en xuño de 2001 coas especialidades de construción, carpintería e fontanería-electricidade, que dan emprego a un total de 36 traballadores.

PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO “MAR DE VIGO” CONCELLO DE VIGO


Este proxecto, promovido polo Concello de Vigo, pretende a formación de 60 alumnos e alumnas-traballadoras, distribuídas nas especialidades de carpintería de ribeira, novas técnicas de construción naval, actividades náutico-turísticas e instalacións marítimo-deportivas.

A obra a executar durante o ano e medio de duración do proxecto, céntrase no contorno marítimo da cidade de Vigo e abrangue actuacións no ámbito da construción naval e das actividades náuticas de ocio e deportivas.



O proxecto foi integramente realizado pola UPD e presentado ante a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, que o aprobou, permitindo a súa posta en marcha en xuño de 2000.

**PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO “SALCEDA DE CASELAS”
CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS**



Proxecto promovido polo Concello de Salceda de Caselas, que establece catro especialidades formativas de 15 alumnas e alumnos-traballadores en materia de albanería, cantería, carpintería e xardinería.

As obras a realizar durante un período de dous anos por esta Escola Obradoiro inclúen o remate do Centro de Formación Ocupacional de Salceda de Caselas con respecto ó seu primeiro andar e o acondicionamento do seu contorno, coa construción dunha nave de cantería, aparcadoiros, pista deportiva e áreas de axardinamento.

O proxecto foi integramente realizado pola UPD, salvo a parte que corresponde ó remate da edificación do Centro de Formación, contida no anterior proxecto de Escola Obradoiro.

**PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “SALCEDA DE CASELAS”
CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS**




Este proxecto, que foi promovido polo Concello de Salceda de Caselas, establece catro especialidades formativas de 15 traballadores e traballadoras cada unha. As especialidades previstas son as de albanería, cantería, carpintería e xardinería e a duración do obradoiro establécese nun ano.

As obras a realizar polo Obradoiro de Emprego inclúen o remate do Centro de Formación Ocupacional de Salceda de Caselas no seu primeiro andar e o acondicionamento xeral do seu contorno.

Este proxecto foi realizado pola UPD e presentado ante a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, que o aprobou, introducindo algunhas modificacións que implicaron un recorte do proxecto

a 36 traballadores e a supresión da especialidade de xardinería. O Obradoiro de Emprego púxose en funcionamento en agosto de 2000.

**PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “BIDUEIRO” (VIGO)
FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN**



Para este proxecto, promovido pola Fundación Érguete-Integración, propóñense catro diferentes especialidades formativas de 15 traballadores e traballadoras cada unha, en materia de albanería, carpintería, xardinería e fontanería-electricidade.

A duración prevista para o proxecto estabécese nun ano e as obras a realizar polo Obradoiro de Emprego consisten na rehabilitación dunha edificación en soto, planta baixa e aproveitamento baixo cuberta para o seu futuro uso como Escola infantil de nenos con parálise cerebral.



O proxecto de obra foi redactado por arquitectos contratados ó efecto pola Fundación Érguete-Integración, correspondendo a redacción dos restantes documentos do proxecto e a maquetación do mesmo á Unidade de Promoción e Desenvolvemento.

O proxecto foi aprobado pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude con algunhas modificacións que implican un recorte no número de participantes e a supresión da especialidade de xardinería. O obradoiro se encontra en marcha dende agosto de 2000.

PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “TOMIÑO” CONCELLO DE TOMIÑO

Proxecto promovido polo Concello de Tomiño, que establece tres especialidades formativas de 15 traballadores e traballadoras cada unha, en materia de albanería, fontanería-electricidade e xardinería, para un período de execución dun ano.

As obras contempladas abranguen a rehabilitación dunha antiga vivenda de mestres como Escola infantil, o axardinamento dos contornos do campo de fútbol e polideportivo de Goián, o acondicionamento dunha vivenda de mestres, instalacións na sede da Escola Obradoiro e a reforma da antiga estación marítima de Goián para uso da asociación de pescadores e o clube de piragüismo da localidade.


Este proxecto foi realizado pola UPD, salvo o proxecto de obra, que foi completado a partir do proxecto redactado previamente por arquitectos contratados ao efecto polo Concello de Tomiño. Foi presentado á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e aprobado con algunhas modificacións que implicaron un recorte a 36 traballadores e unha redución da obra a executar. O Obradoiro púxose en marcha en agosto de 2000.



PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL” CONCELLO DE VIGO

Este proxecto dun ano de duración, promovido polo Concello de Vigo, establece tres especialidades formativas para un total de 45 traballadores e traballadoras. As especialidades previstas a través deste obradoiro son as de orientación-inserción sociolaboral, prospección do mercado de traballo e técnico de xestión de Organizacións Non Lucrativas, polo que o proxecto laboral se centra na prestación destes servicios.

Este proxecto foi realizado integramente pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento e presentado ante a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para a súa valoración.



PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO “SOCIEDADE DA INFORMACIÓN” MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Este proxecto foi elaborado por iniciativa da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Contempla catro diferentes especialidades formativas de 15 alumnos e alumnas-traballadoras cada unha, en materia de construción de intranets, maquetación e deseño gráfico, programación e deseño de páxinas web e realización audiovisual.

O proxecto de actuación establece a prestación destes servicios durante dous anos ás entidades locais pertencentes á Mancomunidade de Vigo.



O proxecto foi deseñado e redactado integramente pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento, encadrándose na liña de traballo que este equipo promoveu no senso de procurar uns plans formativos innovadores que estean adaptados a novos xacementos de emprego. Pretendíase así incidir na formación de mozos en materia de novos medios e tecnoloxías da información, adaptadas ás necesidades de servizo demandadas na área.

A complexidade deste proxecto recomendou, dada a súa especial singularidade e os seus altos costes, así como a necesidade de contar coa colaboración doutras entidades e actores locais, a elaboración de informes paralelos sobre fortalezas e debilidades previsibles ante a posta en marcha desta escola obradoiro.

PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “VILANOVA DE AROUSA” CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA



O proxecto, promovido polo Concello de Vilanova de Arousa, establece para un período de actividade dun ano, as especialidades formativas de albanelería, cantería e fontanería-electricidade, que conxuntamente dan emprego a 45 traballadores e traballadoras.

O plan de obras previstas abrangue a ampliación do pavillón deportivo de Corón, a continuación de obras nos pavillóns polideportivos de Deiro e Baión (coa construción de vestiarios, aseos e almacéns) e o acondicionamento da Praza do Parque.

Para a redacción do proxecto de obras mantívose colaboración cos técnicos municipais, correspondendo a elaboración dos restantes documentos e a maquetación xeral do documento ó equipo da UPD.

O proxecto foi remitido á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, que o aprobou e permitiu a súa posta en marcha en xuño de 2001.

PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “O ROSAL” CONCELLO DO ROSAL



Proxecto promovido polo Concello do Rosal e estruturado arredor de catro especialidades formativas de 15 traballadoras e traballadores cada unha. Ditas especialidades son as de albanelería, carpintería, xardinería (con tratamento forestal) e cantería e a duración prevista do proxecto era dun ano.

As obras contempladas abranguen a rehabilitación constructiva e recuperación do contorno natural de 21 muiños na área do Picón e a reforma do Muíño das Aceñas para o seu uso como centro de interpretación da natureza nos espazos fluviais.

O proxecto foi realizado pola UPD e estruturado en tres volumes diferentes (memoria-proxecto de obradoiro, proxecto de obra e inventario dos muiños a rehabilitar). Para a elaboración do proxecto de obra contouse coa colaboración dun técnico do Concello do Rosal.



Presentado ante a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, o proxecto foi aprobado con algunhas modificacións e recortes que esixiron a redacción dun reformado por parte da UPD.

O obradoiro de emprego púxose en marcha en xuño de 2001 cun total de 36 traballadores e traballadoras distribuídos nas especialidades de construción, carpintería e xardinería-medioambiente.

PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “SALVATERRA” CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Proxecto elaborado pola UPD a iniciativa do Concello de Salvaterra de Miño. Estructurado en tres especialidades de 15 traballadores e traballadoras cada unha, que desenvolven as súas tarefas nos ámbitos da cantería (duas especialidades) e a xardinería.

O período de duración do obradoiro establécese nun ano e as obras contempladas abranguen a rehabilitación constructiva dos tramos sur e leste da muralla de Salvaterra e a recuperación do contorno natural das mesmas coa creación de áreas de paseo e descanso.

O proxecto foi realizado pola UPD, contándose para a elaboración do proxecto de obra cun proxecto básico encargado polo Concello.

Este proxecto foi entregado ó Concello e presentado por éste á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.



PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO “AS SALINAS II” CONCELLO DE VILABOA

Proxecto promovido polo Concello de Vilaboa e conformado por catro especialidades formativas en materia de albanelería, cantería, carpintería e xardinería-medioambiente. O período de execución do proxecto establécese en dous anos e o número de alumnos e alumnas traballadoras previsto acada os 60 participantes.

As obras a realizar pola Escola Obradoiro durante este período consisten na construción dunha edificación en planta baixa como centro social e cultural, ademais da recuperación do contorno dunha canteira abandonada como espazo verde protexido de uso público.

O proxecto foi elaborado pola UPD e estruturado en tres diferentes documentos. Ó proxecto de obra foi incorporado un proxecto medioambiental redactado previamente por iniciativa do Concello.

O proxecto foi remitido á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para a súa valoración.



ESCOLA OBRADOIRO “CAMIÑO DE SANTIAGO” (SOUTOMAIOR-PONTEVEDRA) CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO




Este proxecto está promovido pola Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude e se estrutura en catro diferentes especialidades formativas, conformadas cada unha delas por 15 alumnos e alumnas-traballadoras. As especialidades a desenvolver son as de albanelería, cantería, carpintería e xardinería-medioambiente e a duración prevista para o desenvolvemento do proxecto acada os dous anos.

As obras contempladas abranguen a recuperación do Camiño portugués de Santiago e do seu contorno natural no tramo Arcade-Pontesampaio, nos municipios de Soutomaior e Pontevedra. Ademais deste tramo do camiño, inclúense outras catro áreas de intervención: Mirador de Arcade, paseo fluvial de Veiga Longa, área de encontro en Pontesampaio e espacio de lecer en Ballota.

O proxecto foi realizado integramente pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento, empregándose para a elaboración do proxecto de obra, a información contida nun anteprojecto encargado pola Dirección Xeral de Patrimonio a un equipo de arquitectos para estes tramos do Camiño.

O proxecto foi remitido á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para a súa posterior presentación ó Ministerio de Traballo. A escola obradoiro foi aprobada e posta en marcha en decembro de 2000, tendo a súa sede no concello de Soutomaior.

PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO “VAL DA LOURIÑA” CONCELLO DO PORRIÑO.



Proxecto de escola promovido polo Concello do Porriño, que establece, para un total de 48 alumnas e alumnos-traballadores, as especialidades de albanelería, cantería, carpintería e medioambiente-forestal.

As obras a realizar pola Escola Obradoiro durante un período de dous anos consisten, por unha banda, na restauración de 29 muíños, distribuídos en 5 conxuntos localizados nas parroquias de Atios, Budiño, Pontellas, Mosende e Chenlo, todas elas pertencentes ó termo municipal do Porriño. Ademais, actúase na recuperación do contorno natural destes conxuntos patrimoniais, así como no mantemento e mellora do Sendeiro das Greas GR-58 no seu tramo porriñés, establecendo conexión mediante a creación de sendeiros de pequeno percorrido entre este sendeiro principal e os conxuntos de muíños rehabilitados.

O proxecto foi elaborado integramente pola UPD, contándose coa colaboración dun técnico municipal para o proxecto de obra, e foi entregado ó Concello para a súa remisión a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e posterior valoración.

PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “COVELONATURA” CONCELLO DO COVELO

A entidade promotora deste proxecto é o Concello do Covelo. Establécese tres especialidades formativas de 12 traballadores e traballadoras cada unha, en materia de albanelería, carpintería e fontanería-electricidade.



As obras a executar durante un ano abranguen a rehabilitación da Casa rectoral de Santa Mariña como edificio de usos múltiples, ademais de modificacións e arranxos nas instalacións de fontanería e electricidade da Casa de cultura en Bugariña, auditorio e obradoiros.

Proxecto realizado pola UPD, que puido contar para a elaboración do proxecto de obra cun proxecto de execución encargado polo Concello.

O proxecto foi entregado ó Concello e será próximamente presentado ante a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. para a súa valoración.



OBRADOIRO DE EMPREGO “TORRÓN” CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Proxecto promovido polo Concello, que establece catro especialidades formativas para un total de 48 traballadores e traballadoras. As especialidades previstas son as de albanelería, carpintería, cantería e xardinería.

As obras previstas para un período dun ano, abranguen a rehabilitación da antiga Cámara Agraria como futuro viveiro de empresas, e o remate dos traballos do anterior proxecto de obradoiro de emprego que quedan sen finalizar (cuberta do obradoiro de cantería, pista polideportiva e axardinamento sur no Centro de Formación Ocupacional).

Proxecto realizado pola UPD, que contou coa colaboración do Concello que puxo a disposición do proxecto de obra, un proxecto básico referido ó viveiro de empresas e un proxecto de execución das actuacións previstas no anterior proxecto de obradoiro e non rematadas.

O proxecto foi entregado ó Concello e será próximamente presentado ante a Consellería de Fa-



PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “MUÍÑOS DA LOURIÑA” CONCELLO DO PORRIÑO

Proxecto promovido polo Concello do Porriño e considerado como complemento dun anterior proxecto de escola obradoiro denominado “Val da Louriña”, elaborado no seu día pola UPD a solicitude deste municipio.

O obradoiro de emprego, dun ano de duración, prevé tres especialidades formativas, en materia de albanelería, carpintería e cantería, integradas por un total de 36 traballadores e traballadoras.

As obras previstas, abranguen a rehabilitación de 21 muíños próximos ós cinco conxuntos etnográficos que se teñen previsto rehabilitar a través do proxecto de Escola Obradoiro “Val da Louriña”.

O proxecto de obradoiro foi realizado pola UPD, contándose, para a elaboración do proxecto de obra, coa colaboración do arquitecto municipal do Concello. O proxecto foi entregado ó Concello para a súa remisión a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e posterior valoración.



PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “TERRA DE MONTES IV” CONCELLO DE FORCAREI



Proxecto promovido polo Concello de Forcarei e estruturado en tres especialidades formativas compostas por 12 traballadores e traballadoras cada unha. Estas especialidades son as de construción (albanelería e cantería), carpintería e xardinería-medioambiente.

As obras previstas para un período dun ano, abranguen a rehabilitación do alpendre anexo á Casa rectoral e o acondicionamento dos alpendres da eira do Mosteiro de Acibeiro, ademáis da recuperación de dúas casas de mestres, o acondicionamento de espazos públicos e zonas verdes, e a construción dun viveiro de plantas ecolóxico.

Proxecto realizado pola UPD, que puido contar con proxectos básicos, redactados polo director da Escola Obradoiro “Terra de Montes III” a instancias do Concello de Forcarei.

O proxecto foi entregado ao Concello e será próximamente presentado ante a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para a súa valoración.

PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO “BARREIRO” CONCELLO DE VIGO



Proxecto promovido polo Concello de Vigo e conformado por dúas especialidades de xardinería nas que se integrarán 30 traballadores e traballadoras durante un período dun ano.

As obras a realizar orientaranse primordialmente ós traballos de acondicionamento de terreos e axardinamento dos espazos verdes do antigo cuartel militar de Barreiro.

A UPD encargouse de elaborar a memoria e o proxecto formativo do obradoiro de emprego, así como os orzamentos do mesmo, tendo en conta a documentación aportada no seu momento polo Concello, referida ás obras que se preveñen realizar neste espazo.

Esta documentación, maquetada nun mesmo volume, foi entregada ó Concello de Vigo para a súa complementación cun proxecto de intervención no parque de Barreiro e a súa remisión á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para a súa valoración.



LABORES DE REFORMADO E ADAPTACIÓN DE PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO

Durante este período de actividade, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento encargouse do reformado e adaptación de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego xa redactados con anterioridade e presentados á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.



En determinadas ocasións, a Consellería de Familia, no proceso de valoración e resolución de solicitudes de subvención a estes proxectos, introduce consideracións e modificacións nos mesmos que poden afectar tanto ó número de alumnos, como ó número de especialidades, a duración do proxecto ou a dimensión e carácter da obra, modificacións que polo tanto tamén repercuten nos orzamentos do proxecto.

Estas modificacións de contido obrigan en ocasións á revisión dos proxectos e a súa adaptación ás determinacións establecidas pola Consellería de Familia ó respecto antes da posta en marcha das escolas e obradoiros.

Procedeuse así, durante este período de actividade, ó reformado dos seguintes proxectos:

- ▶ Reformado do proxecto de Obradoiro de Emprego de Nigrán.
- ▶ Reformado do proxecto de Obradoiro de Emprego de Tomiño.
- ▶ Reformado do proxecto de Obradoiro de Emprego de Fornelos de Montes.
- ▶ Reformado do proxecto de Escola Obradoiro “Mar de Vigo”.
- ▶ Reformado do proxecto de Escola Obradoiro “Ribeiras fluviais” de Gondomar.
- ▶ Reformado do proxecto de Obradoiro de Emprego de Tomiño (2º reformado).
- ▶ Reformado do proxecto de Obradoiro de Emprego de Nigrán (2º reformado).
- ▶ Reformado do proxecto de Obradoiro de Emprego do Rosal.

LABORES DE ATENCIÓN A SOLICITUDES DE COLABORACIÓN EFECTUADAS POLA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

Durante este período, a UPD veu respondendo ás necesidades de apoio formuladas pola Delegación provincial da Consellería de Familia en materia de elaboración e valoración de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego. Entre estas colaboracións, cómpre facer referencia ás seguintes:

▶ ELABORACIÓN DUN INFORME SOBRE O PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO DE AGOLADA.

A solicitude da Delegación provincial da Consellería de Familia, a UPD analizou a viabilidade dun proxecto de escola obradoiro presentado no seu día polo Concello de Agolada, en base a unhas determinacións (recorte no número de alumnos-traballadores previsto e no número de especialidades) introducidas pola Consellería que obrigaban a reformar a dimensión de obras previstas. Elaboráronse dúas propostas de solución alternativa e se analizaron as súas debilidades e fortalezas máis salientables.

► **REDACCIÓN DE DIVERSOS INFORMES DE CARA Ó DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ESCOLA OBRADOIRO SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO, NO TRAMO SOUTOMAIOR-PONTEVEDRA.**

Previo á redacción dun proxecto de escola obradoiro, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento colaborou coa Delegación provincial da Consellería de Familia e os concellos de Pontevedra e Soutomaior na análise do territorio e valoración de alternativas de actuación para dita escola.

Elaboráronse así diferentes informes e documentos de traballo sobre locais propostos para a ubicación da escola, propostas de ampliación do proxecto de obra no contorno do Camiño de Santiago, etc., participándose activamente en todas as reunións de técnicos e responsables concertadas pola Delegación provincial.



Igualmente, e tras a redacción do proxecto de Escola Obradoiro “Camiño de Santiago” por parte da UPD, e aprobación do mesmo por parte do Ministerio de Traballo, elaborouse un documento de avance de medicións e orzamentos do proxecto de execución das obras contempladas no proxecto de Escola Obradoiro.

► **ELABORACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DA ESCOLA OBRADOIRO “CAMIÑO DE SANTIAGO” (SOUTOMAIOR-PONTEVEDRA).**

Tras a aprobación do proxecto de Escola Obradoiro “Camiño de Santiago” (tramo Soutomaior-Pontevedra), que incorporaba un proxecto básico de obras, e durante a fase de posta en marcha deste proxecto promovido pola Consellería de Familia, o arquitecto da Unidade de Promoción e Desenvolvemento elaborou, a solicitude da Delegación provincial, un Proxecto de Execución de Obras que define polo miúdo as intervencións sobre as que tiña previsto intervenir a escola obradoiro

O Proxecto de Execución consta de cinco volumes diferentes adicados as intervencións previstas: Camiño de Santiago Arcade-Pontesampaio, lugar de lecer de Ballota, área de descanso e miradoiro de Arcade, paseo fluvial de Veigalonga e área de encontro de Pontesampaio.



Las escuelas obradoiro preparan a los jóvenes como profesionales cualificados

Los alumnos de estas escuelas se preparan para el desarrollo de sus vidas... Los alumnos de estas escuelas se preparan para el desarrollo de sus vidas...



La cuarta Escola Obradoiro de Tui habilitará la zona monumental para los minusválidos

El proyecto que involucra a 45 alumnos viene los fondos de 4,6 millones de pesetas... El proyecto que involucra a 45 alumnos viene los fondos de 4,6 millones de pesetas...



La escuela-taller "Mar de Vigo" facilitará la cualificación laboral de 60 jóvenes en paro

Esta planta se ha ampliado a 60 plazas en marzo del 2002... Esta planta se ha ampliado a 60 plazas en marzo del 2002...



Miembros de la escuela taller forestal plantan árboles autóctonos en Mutián
El grupo de alumnos de la escuela taller forestal de Mutián, en la provincia de Pontevedra, ha estado trabajando en la plantación de árboles autóctonos en el monte de Mutián. Los alumnos, acompañados por los profesores, han estado trabajando en la plantación de árboles autóctonos en el monte de Mutián. Los alumnos, acompañados por los profesores, han estado trabajando en la plantación de árboles autóctonos en el monte de Mutián.

Nuevas escuelas taller servirán para la conservación del patrimonio del Camino

El proyecto de restauración de las ruinas de la Ruta de Santiago y creación de escuelas taller... El proyecto de restauración de las ruinas de la Ruta de Santiago y creación de escuelas taller...



O Rosal contará con un Obradoiro de Empleo para reconstruir sus molinos

La escuela supone una inversión de 305 millones de pesetas y se centrará en la rehabilitación de los "molinos" de Peón... La escuela supone una inversión de 305 millones de pesetas y se centrará en la rehabilitación de los "molinos" de Peón...

En total de 40 desempleados participan en la escuela taller de Gondomar
El proyecto de creación de una escuela taller en Gondomar, en la provincia de Pontevedra, cuenta con la participación de 40 desempleados. El proyecto de creación de una escuela taller en Gondomar, en la provincia de Pontevedra, cuenta con la participación de 40 desempleados.

El primer taller de empleo de Nigrán dará trabajo a 40 personas en paro

La Junta de Galicia otorga el Crédito al emprendedor para un empleo de 17 millones... La Junta de Galicia otorga el Crédito al emprendedor para un empleo de 17 millones...



Ex-presos de Vigo rehabilitarán un chalé de A Doblada como guardería y ludoteca

Procedentes de España y de otros países, los ex-presos de A Doblada se han comprometido a rehabilitar un chalé de 170 metros cuadrados... Procedentes de España y de otros países, los ex-presos de A Doblada se han comprometido a rehabilitar un chalé de 170 metros cuadrados...



"Los oficios son un buen acceso al mundo laboral"
"Habría que enseñar a los jóvenes que los oficios son un buen acceso al mundo laboral. Habría que enseñar a los jóvenes que los oficios son un buen acceso al mundo laboral. Habría que enseñar a los jóvenes que los oficios son un buen acceso al mundo laboral."

Mujeres con pico y pala

El proyecto de creación de una escuela taller para mujeres con pico y pala... El proyecto de creación de una escuela taller para mujeres con pico y pala...

APOIO E DINAMIZACIÓN DOS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Formación e experiencia para o emprego

As escolas obradoiro e as casas de oficios conforman un programa público de formación-emprego que ten como finalidade a inserción laboral de mozos e mozas menores de vinte e cinco anos, en situación de desemprego, mediante a súa cualificación formativa en alternancia coa práctica profesional, en ocupacións ou actividades de interese social.

Os obradoiros de emprego conforman tamén un programa público de emprego-formación, dirixido a mellorar a ocupabilidade do colectivo de desempregados de vinte e cinco ou máis anos con especiais dificultades de inserción no mercado laboral.

O inicio de actividades por parte das escolas obradoiro e casas de oficios no Estado español remóntase a 1985 e, desde aquela, son xa moitos os proxectos que se teñen desenvolvido en toda Galicia e que teñen permitido a formación de milleiros de mozos e mozas en diversas profesións.

Os obradoiros de emprego, sen embargo, son proxectos recentes, creados en Galicia a partir de 1999 e que, polo tanto, durante o período de actividade da UPD se estiveron a desenvolver por vez primeira na provincia.

O papel da Unidade de Promoción e Desenvolvemento na dinamización e potenciación destes programas

Máis alá da capacidade propia e dos logros acadados por cada escola obradoiro e cada obradoiro de emprego, o valor e eficacia destes programas públicos depende da organización e coordina-




ción que se lles imprima e, como non, da colaboración e o intercambio de experiencias que se produza entre estes proxectos, así como da sensibilización das entidades promotoras sobre o fin último ós que estes programas van dirixidos; que é a formación para o emprego.

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento durante este período de actividade colaborou activamente nesta importante tarefa, tratando de xenerar servicios, actividades, productos e recursos para todas as escolas e obradoiros existentes na provincia, ó tempo que das súas accións se puideron ver beneficiados os proxectos de formación-emprego de toda Galicia, as entidades interesadas na súa promoción e os colectivos profesionais relacionados coa promoción económica, a creación de emprego e o desenvolvemento local.

O PROGRAMA DE ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIOS E O PROGRAMA DE OBRADOIROS DE EMPREGO A NIVEL DA PROVINCIA


Ó remate do período de actividades da Unidade de Promoción e Desenvolvemento, encontrábanse en activo na provincia de Pontevedra 13 diferentes proxectos de escola obradoiro e 4 obradoiros de emprego, promovidos na súa meirande parte por administracións locais e distribuídos por diferentes concellos da provincia.

PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA



ESCOLAS OBRADOIRO

Especialidades segundo o número de alumnos-traballadores das EO




Distribución dos alumnos-traballadores das EO segundo o sexo



OBRADOIRO DE EMPREGO

Especialidades segundo o número de traballadores dos OE



Distribución dos traballadores dos OE segundo o sexo



COLABORACIÓN DA UPD COS PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento colaborou activamente no asesoramento, acompañamento e apoio as escolas obradoiro e obradoiros de emprego de toda a provincia, a través da conformación de servizos de atención, organización de actividades, elaboración de materiais informativos, creación de instrumentos e medios de comunicación, etc.

Durante este período de actividades, a Unidade ten ofrecido colaboración a 39 diferentes proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego que estiveron en activo durante esta etapa, o que afecta a un colectivo aproximado de 1850 alumnas e alumnos-traballadores en toda a provincia.

SERVICIOS DE ASISTENCIA E APOIO A ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Número de escolas e obradoiros en actividade: 39
 Número de alumnas e alumnos-traballadores implicados: 1850

Periodo xaneiro 1999 - xuño 2001



LIÑAS DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE APOIO A ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO:

- ▶ Asesoramento e apoio os equipos profesionais das escolas e obradoiros nas súas necesidades de información.
- ▶ Realización de actividades formativas en escolas e obradoiros da provincia, en materia de habilidades persoais para o emprego e en materia de autoemprego e iniciativa empresarial.
- ▶ Accións de sensibilización e promoción do autoemprego e da iniciativa empresarial a través do SAE e asesoramento ó colectivo de alumnos-traballadores de escolas e obradoiros da provincia, en colaboración cos TLEs.
- ▶ Elaboración de estudos e publicacións sobre estes programas.
- ▶ Deseño, elaboración e posta en marcha dunha páxina web a través da que se ofrece ampla información e diversos servizos telemáticos.
- ▶ Elaboración de medios de información como a Revista Landra e o boletín electrónico Landra-Arco da Nova.
- ▶ Actividades de difusión e promoción destes programas en ámbitos externos.



ESTUDIOS DE ANÁLISE E PLANIFICACIÓN DE PROGRAMAS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO

Durante o ano 1999, a Unidade redactou dous documentos de análise e estratexia con respecto ó programa de escolas obradoiro a nivel da provincia de Pontevedra e da área de Vigo.

► ESTUDIO-INFORME SOBRE ESCOLAS OBRADOIRO 1995-1999

Neste documento se analizan os proxectos de escolas obradoiro que estiveron en actividade durante o período 1995-1999 na provincia de Pontevedra, a partires da consulta das súas memorias de actividades e das entrevistas realizadas ó persoal directivo e formador dunha serie de centros en activo, representativos do programa a nivel provincial. A información obtida permite realizar un diagnóstico da situación e das problemáticas presentes nos proxectos, ó tempo que a realización dunha serie de propostas de mellora nos procesos de implantación, execución e avaliación dos proxectos de escolas obradoiro.

Neste estudio foron analizados aspectos tales como os xeitos de organización interna destes proxectos, o carácter das obras realizadas, a metodoloxía e características dos procesos formativos ou os sistemas de avaliación aplicados. Estudáronse tamén as técnicas de inserción laboral utilizadas polas escolas e as súas entidades promotoras, así como as necesidades que frecuentemente presentan os proxectos no seu período de actividade, a relación existente entre escolas e entidades promotoras, etc.

► PLANO DE ACCIÓN PARA O PROGRAMA DE ESCOLAS OBRADOIRO

Posteriormente á realización do “Informe de escolas obradoiro 1995-1999”, a UPD elaborou este Plano de Acción para o programa de Escolas Obradoiro, no que se avalía o funcionamento destes proxectos e se presentan un conxunto de propostas, articuladas en diferentes ámbitos de actuación, para a mellora dos seus resultados.

Na fase de estudio e diagnóstico se profundiza no marco legislativo que regula este programa e no coñecemento das características que presentan diferentes escolas a nivel local, rexional, estatal e internacional. Análizanse tamén as problemáticas presentes nos propios proxectos de escolas obradoiro, así como o coñecemento que na sociedade existe deste programa, as dinámicas socioeconómicas e territoriais que o condicionan, as necesidades de formación do tecido empresarial existente na área de Vigo, etc. Realízase igualmente unha análise DAFO do programa de escolas no ámbito territorial da Mancomunidade de municipios de Vigo.

Dentro do plano de acción, especificanse diferentes liñas, tanto polo que respecta a unha serie de propostas de carácter xeral, como ás que se referen a aspectos parciais como as características dos proxectos, o carácter da formación impartida, os proxectos de obra, o papel dos equipos profesionais, o alumnado, os procesos de orientación sociolaboral, as metodoloxías de avaliación, etc.



MEMORIA DE ACTIVIDADES ECONOMÍA DE GALICIA

La Unidad de Promoción y Desarrollo de Vigo ultima su página web y nuevos proyectos de empleo

En la actualidad dispone de una subvención del Fondo Social Europeo y de la Consellería de Familia

La Unidad de Promoción y Desarrollo de la Mancomunidad de Vigo acaba de actualizar su página web para la puesta a disposición de un portal interactivo, así como de nuevos proyectos de desarrollo laboral. Esta actividad responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

En la actualidad, esta unidad cuenta con una subvención de 1.500 millones de pesetas procedente de la Unión Europea y de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia. Este proyecto de desarrollo laboral responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

El A. R. de Vigo

La Unidad de Promoción y Desarrollo de la Mancomunidad de Vigo acaba de actualizar su página web para la puesta a disposición de un portal interactivo, así como de nuevos proyectos de desarrollo laboral. Esta actividad responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

En la actualidad, esta unidad cuenta con una subvención de 1.500 millones de pesetas procedente de la Unión Europea y de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia. Este proyecto de desarrollo laboral responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

En la provincia de Pontevedra los más de 100 alumnos en los talleres taller y un elevado porcentaje de ellos logran acceder al mercado laboral con una formación al curso completada.



UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

MEMORIA DE ACTIVIDADES ECONOMÍA DE GALICIA

La mancomunidad de Vigo formó a 1.100 parados en 30 escuelas-taller de la provincia de Pontevedra

La unidad de Promoción y Desarrollo completó los cursos de trabajo a favor del desarrollo de empleo

La Unidad de Promoción y Desarrollo de la Mancomunidad de Vigo acaba de completar los cursos de trabajo a favor del desarrollo de empleo en la provincia de Pontevedra. Este proyecto de desarrollo laboral responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

En la actualidad, esta unidad cuenta con una subvención de 1.500 millones de pesetas procedente de la Unión Europea y de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia. Este proyecto de desarrollo laboral responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

En la provincia de Pontevedra los más de 100 alumnos en los talleres taller y un elevado porcentaje de ellos logran acceder al mercado laboral con una formación al curso completada.

MEMORIA DE ACTIVIDADES ECONOMÍA DE GALICIA

La Mancomunidad de Vigo formó a más de 1.100 parados en escuelas taller en los últimos tres años

La Mancomunidad de Vigo, a través de su Unidad de Promoción y Desarrollo (UPD), ha formado a más de 1.100 parados en 30 escuelas taller en la provincia de Pontevedra. Este proyecto de desarrollo laboral responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

En la actualidad, esta unidad cuenta con una subvención de 1.500 millones de pesetas procedente de la Unión Europea y de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia. Este proyecto de desarrollo laboral responde a una subvención comunitaria a través del Fondo Social Europeo y de una subvención autonómica de la Consellería de Familia y Promoción del Empleo de la Xunta de Galicia.

En la provincia de Pontevedra los más de 100 alumnos en los talleres taller y un elevado porcentaje de ellos logran acceder al mercado laboral con una formación al curso completada.

Mancomunidad del campo de Vigo de la provincia de Pontevedra, con el desarrollo de los cursos de formación de los talleres.

ACTIVIDADES FORMATIVAS EN ESCOLAS E OBRADOIROS

As necesidades de sensibilización e información existente nos colectivos de alumnado e traballadores destes proxectos en materia de inserción laboral, autoemprego e iniciativa empresarial, a maiores das necesidades detectadas nestes colectivos con respecto ás súas habilidades persoais para a busca e consecución dun emprego, viñeron en determinar o deseño dun conxunto de accións de carácter formativo por parte da UPD, como reforzo e complemento daquelas que as propias escolas e obradoiros desenvolven.

A UPD emprendeu así a comezos do ano 2000 unha intensa actividade no ámbito da formación e sensibilización dos colectivos de alumnos e traballadores de escolas e obradoiros da provincia en materia de habilidades persoais para o emprego e promoción do autoemprego e da iniciativa empresarial.

Entre marzo de 2000 e abril de 2001, a UPD ten ofrecido a impartición de actividades formativas diversas ás 30 escolas obradoiro e obradoiros de emprego que dende aquela data se teñen desenvolvido na provincia, chegando a impartir sesións formativas en 26 destes centros, sobre un colectivo total de alumnos-traballadores que superaba o milleiro de persoas

No marco desta campaña formativa, foron programados dous diferentes paquetes de actividades formativas que trataron de responder ás necesidades detectadas nos colectivos obxecto de formación e se trataban de adaptar ás distintas etapas de desenvolvemento dos proxectos. Foron elaborados por parte do equipo técnico materiais específicos aplicados ás sesións formativas previstas e nelas se empregaron medios audiovisuais.

A efectos de organización, desenvolveuse unha campaña de información ós centros, mediante o envío de cartas e folletos de información sobre as actividades formativas ofertadas, establecéndose despois contacto telefónico e mediante fax con todas as escolas e obradoiros a efectos de organizar a axenda de actividades a desenvolver pola UPD nos diferentes centros.

Desenvolvemento dun paquete de actividades formativas sobre habilidades persoais para o emprego en escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

A partires das necesidades detectadas e da diferente situación que presentan os colectivos formados, ó comezo e finalización dos proxectos, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento elaborou un paquete de sesións formativas sobre habilidades persoais e sociais para o emprego.

O paquete formativo incluía as seguintes sesións:

- ▶ **Opción 1. Habilidades sociais e emprego.**
Grupos de 15 alumnos/as. Tres horas de duración.
- ▶ **Opción 2. A entrevista de traballo.**
Grupos de 15 alumnos/as. Tres horas de duración.
- ▶ **Opción 3. Autoestima e emprego.**
Grupos de 15 alumnos/as. Tres horas de duración.
- ▶ **Opción 4. Asertividade e busca de emprego.**
Grupos de 15 alumnos/as. Tres horas de duración.



A aplicación destas actividades determinou o desprazamento de diversos técnicos da UPD ás escolas obradoiro e os obradoiros de emprego, de acordo a unha axenda previamente acordada cos

directivos e titores dos centros nos que se impartían.

Ó remate das sesións en cada centro, os técnicos da UPD elaboraron un **informe de actividades realizadas e unha valoración de resultados-avaliación do alumnado** a nivel de cada escola ou obradoiro, que foi remitida ós propios titores destes centros sobre os que se actuou para o seu coñecemento.

Organización e aplicación dun paquete formativo sobre autormprego e iniciativa empresarial en escolas e obradoiros

Neste ámbito, foron igualmente organizadas un conxunto de seminarios e actividades que tiñan como principal obxectivo, por unha banda, a sensibilización dos colectivos de alumnos-traballadores sobre a posibilidade de desenvolver propios proxectos profesionais e iniciativas de empresa, e por outra banda, proporcionar información actualizada sobre trámites e axudas existentes neste campo.

O paquete formativo ofertado incluía as seguintes sesións:

- ▶ **Opción 1. Seminario de ideas empresariais.**
Grupos de 20-30 alumnos. Dúas horas de duración.
- ▶ **Opción 2. Motivación para o autoemprego.**
Grupos de 20-30 alumnos. Tres horas e media de duración.
- ▶ **Opción 3. Fontes de financiamento, axudas e subvencións á creación de empresas.**
Sen límite de alumnos. Dúas horas e media de duración.

Asemade, aproveitando estas charlas, fíxose unha breve presentación dos servizos que a través do SAE (Servicio de Asesoramento a Emprendedores) ofrecía o persoal da UPD en materia de asesoramento e apoio ás iniciativas empresariais xurdidas dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

A realización destas actividades nos propios centros, obrigou o desprazamento de diversos técnicos da UPD ás escolas obradoiro e os obradoiros de emprego, de acordo a unha axenda previamente acordada cos directivos e titores destes proxectos.

Ó remate das sesións formativas, solicitouse ó alumnado participante que cubriaran unha enquisa na que se pretendía coñecer o grao de sensibilización e motivación existente con respecto á busca de emprego e a creación de empresas.

A continuación, proporciónanse datos das accións formativas desenvolvidas pola UPD



RELACIÓN DE ESCOLAS E OBRADOIROS ÁS QUE SE LLE OFRECERON ACTIVIDADES FORMATIVAS	Número de sesións formativas impartidas
Escola Obradoiro "Arbo", Concello de Arbo.	
Escola Obradoiro "Buzo", Concello de Buzo.	1
Escola Obradoiro "A Xuventude III", Concello de Cambados.	1
Escola Obradoiro "Laxeiro", Concello de Laxe.	1
Escola Obradoiro "Pontecesures", Concello de Pontecesures.	1
Escola Obradoiro "Tomarío", Concello de Tomarío.	1
Escola Obradoiro "As Salinas", Concello de Vilaboa.	1
Escola Obradoiro "A Estrada II", Concello da Estrada.	
Escola Obradoiro "Manuel B. Portela II", Concello da Guardia.	
Escola Obradoiro "San Juan", Concello de Portas.	1
Escola Obradoiro "Xardi histórico de Cestrón", Concello de Vigo.	
Escola Obradoiro "Viaxerías de Arxente III", Concello de Vilagarcía.	3
Escola Obradoiro "Vale Indán II", Concello de Viarova de Arxente.	
Escola Obradoiro "Santiago Apóstol", Concello de Bero.	
Escola Obradoiro "Beramie II", Concello de Moaña.	4
Escola Obradoiro "Montepio II", Concello de Pontevedra.	6
Escola Obradoiro "Faro Prieto III", Concello de Veiga.	6
Escola Obradoiro "Terra de Montes II", Concello de Forcarei.	3
Escola Obradoiro "Vikings II", Concello de Calor.	1
Obradoiro de Emprego "Sabada de Casetas", Concello de Sábada.	3
Obradoiro de Emprego "Beldero", Fundación Ergueta Vigo.	5
Escola Obradoiro "Restauración", Concello de Tui.	5
Escola Obradoiro "Mar de Vigo", Concello de Vigo.	6
Escola Obradoiro "Ritmos Fluviais", Concello de Gondomar.	4
Escola Obradoiro "Pezziñas", Concello de Campo Lameiro.	3
Escola obradoiro "Vila das Neves", Concello das Neves.	3
Escola Obradoiro "As Termas", Concello de Curtis.	3
Obradoiro de Emprego "Tomarío", Concello de Tomarío.	2
Obradoiro de Emprego "Cangas", Concello de Cangas.	2
Escola Obradoiro "Camilo de Santiago", Soutomaior CIPEMX	4
TOTAL SESIÓNES FORMATIVAS IMPARTIDAS	70

RESULTADOS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DESENVOLVIDAS POLA UPD

Número de escolas ás que se ofreceron actividades formativas: 30
Número de escolas nas que se desenvolveron sesións formativas: 24
Número de sesións formativas impartidas: 70
Número de alumnos-traballadores obxecto de formación: 1.083

Período marzo 2000 - abril 2001

ASESORAMENTO A DIRECTIVOS E FORMADORES. ELABORACIÓN DE MATERIAIS DE APOIO E PUBLICACIÓNS DIRIXIDAS A ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO.

SERVICIO PERMANENTE DE ASESORAMENTO A ESCOLAS E OBRADOIROS

Durante o seu período de actividade, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento veu ofrecendo información, asesoramento e apoio de todo tipo ás necesidades que presentaban os cadros directivos e formadores:

Entre outros aspectos nos que a UPD colaborou, pódense indicar os seguintes:

- ▶ Asesoramento sobre o desenvolvemento de programas formativos.
- ▶ Información sobre certificados de profesionalidade.
- ▶ Orientación sociolaboral.
- ▶ Asesoramento sobre mecanismos e recursos para a orientación e inserción laboral das alumnas e alumnos traballadores.
- ▶ Información sobre constitución de empresas.
- ▶ Asesoramento técnico sobre intervencións arquitectónicas.
- ▶ Apoio no deseño de logos e materiais divulgativos das actividades dos centros.
- ▶ Asesoramento informático.



Este servizo de asesoramento persoalizado, no que converxeron os diferentes departamentos da UPD, e que se mantivo en actividade durante todo este tempo, ofreceuse tanto a través da concertación de reunións na propia sede da UPD como a través do teléfono e dos correos electrónicos establecidos na páxina web que a Unidade mantivo aberta en Internet e que deu acceso directo por parte das escolas e obradoiros ós seus distintos departamentos.

Ademais dos colectivos directamente implicados nos proxectos de escolas e obradoiros, a UPD atendeu a través deste servizo a outros colectivos relacionados con estes proxectos como os axentes de emprego e desenvolvemento local e os técnicos locais de emprego de diversos municipios, persoal técnico de concellos e outras entidades locais, formadores dos centros de ensino público, orientadores sociolaborais, etc.

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Como complemento a este servizo de información e asesoramento, a UPD puxo a disposición de directores/as, titores/as e formadores/as o seu Centro de Documentación, composto por varios centos de publicacións referidas a ámbitos diversos como formación, emprego, promoción económica, desenvolvemento local, territorio, urbanismo, patrimonio, medio ambiente, etc.



ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN METODOLÓGICA APLICADA Á XESTIÓN DE PROXECTOS DE ESCOLAS E OBRADOIROS, E MATERIAIS DE INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE OS PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO

A UPD ten elaborado neste período diversos materiais de apoio ós programas e proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, tanto no que se refere á xestión dos proxectos, como a orientación e inserción laboral do alumnado ou a sensibilización social con respecto a estes programas de emprego-formación.

› PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE MEMORIA PARA PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO

Detectada a carencia dunha metodoloxía común para o desenvolvemento por parte dos directores e titores das escolas obradoiro das memorias dos proxectos, a UPD abordou o deseño dun modelo adaptado ós obxectivos que deben cumprir estas memorias.

› MANUAL DE ESTRATEXIAS DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL E LABORAL

Este manual foi elaborado como apoio dos profesionais implicados en tarefas de orientación profesional, e especialmente polo que se refere os orientadores e orientadoras sociolaborais que actúan no ámbito das escolas obradoiro.

O documento contén un conxunto de nocións sobre a metodoloxía e os procesos de orientación laboral e trata de establecer unhas liñas de acción que permitan a consecución dos obxectivos que a orientación persegue sobre os colectivos nos que actúa.

› PUBLICACIÓN DO “MANUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES PERSOAIS CARA Ó EMPREGO NO PROGRAMA DE ESCOLAS OBRADOIRO”

Publicado en xaneiro de 2001, o obxectivo principal deste documento é proporcionar ó colectivo de formadores de escolas obradoiro un manual práctico que incida no desenvolvemento de competencias persoais nas escolas, mellorando así as súas posibilidades de inserción laboral. Trátase dun material documental útil para a organización de actividades formativas co alumnado en materia de autoestima, comunicación, habilidades sociais e estratexias para o emprego.

A publicación vai destinada ós docentes das Escolas Obradoiro e dos Obradoiros de Emprego, que serán os encargados da súa aplicación sobre os colectivos de alumnos-traballadores dos seus centros que así se beneficiarán da posta en práctica dos contidos que se propoñen neste manual.



› DOCUMENTOS DE AVANCE DA “GUÍA PARA ENTIDADES PROMOTORAS DE PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO”

No período final de actividades da Unidade de Promoción e Desenvolvemento comezouse co proceso de deseño e redacción dunha guía de sensibilización e información a entidades promotoras sobre a función destes programas de formación-emprego e a elaboración e xestión de proxectos de escolas e obradoiros.

PÁXINA WEB E SERVICIOS TELEMÁTICOS

A UPD deseñou e puxo en marcha no ano 2000 unha ampla páxina web propia, para a súa utilización por parte de todas as escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra e Galicia, así como de todas aquelas outras entidades e usuarios de Internet interesados en informarse sobre as actividades que a UPD realiza, os programas de escolas e obradoiros e outros aspectos referidos ó emprego e o desenvolvemento local.

DESEÑO E ELABORACIÓN DE CONTIDOS DA PÁXINA WEB DA UPD

No segundo semestre do ano 1999 o departamento de comunicación da UPD, en colaboración co resto dos departamentos, deseñou unha estrutura de contidos e unha imaxe gráfica para a páxina web da Unidade, ó tempo que se ían desenvolvendo os materiais informativos que serían incorporados posteriormente.

Durante esta etapa, o persoal técnico da UPD recibiu formación en materia de Internet e creación de páxinas web, con vistas á manipulación e actualización permanente da páxina denominada **www.maiv.org/upd**.



Entre os obxectivos que marcaron a estrutura e contidos da páxina, cómpre salientar os seguintes:

- ▶ Informar ós usuarios da páxina sobre a UPD e as súas liñas de traballo.
- ▶ Informar sobre as características dos programas públicos de emprego-formación.
- ▶ Proporcionar información de utilidade para a redacción de proxectos de escolas e obradoiros e a súa posterior xestión.
- ▶ Crear espazos de intercambio de información entre usuarios e medios de participación para os diferentes proxectos de escolas e obradoiros existentes.
- ▶ Ofrecer servizos personalizados do noso equipo a través da propia web e do correo electrónico.

En consoancia cos obxectivos perseguidos, a páxina web foi estruturada en catro seccións diferentes, que organizan o conxunto da información elaborada.

- ▶ Sección Unidade de Promoción e Desenvolvemento.
- ▶ Sección Escolas Obradoiro.
- ▶ Sección Servizos.
- ▶ Revista electrónica "Landra".

Dende a súa posta en servizo, a páxina foi rexistrando cambios periódicos coa incorporación de novos contidos e actualización da información contida nesta web.



No mes de novembro de 2000 comezaron os traballos de deseño da Revista electrónica “Landra” e do boletín electrónico “Arco da Nova”, produtos informativos telemáticos sostidos a través da páxina web da UPD que pretender servir de medio de difusión e información dos programas de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, así como ser unha canle de participación dos distintos proxectos de escolas e obradoiros que se desenvolven na provincia de Pontevedra.

REVISTA LANDRA

A Revista Landra nace en xaneiro de 2001 como un novo elemento de información en Internet, que pode ser visualizada e impresa a través da páxina web da Unidade.

Ademais da súa versión dixital, a revista presentou durante este período de actividades unha replica en edición papel, co fin de favorecer unha mellor difusión da mesma no ámbito das escolas obradoiro, que aínda presentan serios problemas para o acceso e utilización de medios informáticos e Internet.

A revista pretende ser un instrumento de cooperación e intercambio de información entre as escolas obradoiro e os obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra, así como un medio de difusión de novidades e documentación en temas referidos a estes programas, o emprego e o desenvolvemento local.



A Revista Landra foi estruturada nas seguintes seccións:

► **Editorial**

A través da cal a UPD pretendeu chamar a atención sobre algunhas cuestións de interese con respecto ós programas de escolas e obradoiros.

► **Desde a Consellería**

Sección reservada ás colaboracións aportadas pola Delegación provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

► **Escolas Abertas**

Sección na que participan as diferentes escolas e obradoiros, informando sobre o desenvolvemento dos seus proxectos.

► **Obraquedobra**

Sección reservada ó alumnado e ós traballadores e traballadoras das escolas e obradoiros.

► **Apuntamentos**

Espacio reservado ás colaboracións temáticas aportadas por diferentes técnicos en materias diversas relacionadas xenericamente cos programas de emprego e co ámbito do desenvolvemento local.

► **Arco da Nova**

Sección na que, de xeito breve, se recollen noticias, convocatorias e outras informacións de interese para escolas, obradoiros e axentes e entidades relacionadas co emprego, a formación e o desenvolvemento local.



BOLETÍN ELECTRÓNICO “ARCO DA NOVA”

O boletín electrónico Arco da Nova recolle noticias breves de actualidade referidas ós programas de emprego, a formación e o desenvolvemento local.

A través dunha lista de correos, este boletín estívoe a remitir quincenalmente por correo electrónico ás escolas, obradoiros, entidades e usuarios de Internet que se subscribiron gratuitamente a este medio.

ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA UPD E DOS PROGRAMAS E PROXECTOS DE ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento veu ofrecendo ó longo de todo este tempo, información detallada sobre as súas actividades e sobre as características dos programas de emprego cos que colabora.

DIFUSIÓN PÚBLICA DAS ACTIVIDADES DA UPD

A Unidade estivo a facer difusión dos seus fins e das súas actividades a través dos seguintes medios:

- ▶ Edición de materiais promocionais do equipo e das súas actividades, tales como dípticos e trípticos, adhesivos, etc.
- ▶ Información suministrada a través da web da UPD , da Revista Landra e do boletín electrónico Arco da Nova.
- ▶ Servicios permanentes de asesoramento, abertos pola UPD, que permitiron o contacto con numerosas entidades e persoas.
- ▶ Actividades e contactos con escolas e obradoiros realizados nos propios centros.
- ▶ Participación dos técnicos do equipo en diversos foros externos.
- ▶ Participación mediante stands en feiras relativas a temas de emprego, como Galiemprego 2001 ou a II Semana Galega do Emprendedor.
- ▶ Organización de presentacións públicas de servicios e produtos.
- ▶ Difusión das actividades a través dos medios de comunicación.



APOIO A ESCOLAS OBRADOIRO E OBRADOIROS DE EMPREGO NA DIFUSIÓN DAS SÚAS ACTIVIDADES

Durante este período de actividades prestouse igualmente apoio a diversas escolas e obradoiros na elaboración de logos e no deseño e maquetación de folletos de difusión das súas actividades.



O departamento de Comunicación da UPD deseñou e elaborou así trípticos informativos para as escolas obradoiro “Xardín Histórico de Castrelos”, “Forestal” e “Mar de Vigo”, promovidas polo Concello de Vigo, así como para o Obradoiro de Emprego “Bidueiro” promovido pola Fundación Érguete-Integración.



PROMOCIÓN DAS ACTIVIDADES DA UPD E DOS PROGRAMAS DE ESCOLAS E OBRADOIROS EN GALIEMPREGO 2001

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo presente na Mostra Galiemprego 2001, mediante un stand no que se mostraron as distintas liñas de actuación nas que intervéñe o equipo, e se promoveron distintos produtos elaborados ó longo deste período pola UPD, tales como libros, a Revista Landra e a páxina web da Unidade.

No marco da Mostra, a UPD organizou igualmente un acto público de presentación dos seus servizos e produtos, no que participaron o Delegado provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego e o Director da Unidade de Promoción e Desenvolvemento e ó que foron convidados o persoal das escolas e obradoiros e os técnicos locais de emprego da provincia de Pontevedra.

O stand da UPD adicou, por outra banda, toda unha sección á prestación de información sobre os proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego existentes na provincia, visualizados tanto a través da panelería exposta como a través do **“Catálogo de escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra 2001”** elaborado expresamente pola UPD para a súa presentación no stand.





TRABALLOS COMPLEMENTARIOS REALIZADOS POLOS DIVERSOS DEPARTAMENTOS DA UPD

Dun xeito transversal, os servicios de administración, comunicación, delineación e informática teñen desenvolvido, durante este período de actividades, diversas accións de acompañamento dos labores realizados polo conxunto do equipo.

DELINEACIÓN E DESEÑO CARTOGRÁFICO

- ▶ Elaboración de numerosos planos, alzados e seccións referidos a instalacións e obras de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- ▶ Deseño e elaboración de cartografía diversa para o seu emprego nos distintos documentos elaborados pola UPD.
- ▶ Delineación de planos referidos a instalacións da UPD e da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e colaboración nas tarefas do Servicio de Normalización Lingüística en materia de toponimia.
- ▶ Elaboración de mapas para a súa incorporación ás páxinas web da UPD e da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- ▶ Realización de traballos de delineación cartográfica do Inventario de recursos turísticos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- ▶ Elaboración da cartografía temática do documento “Área intermunicipal de Vigo. Estudio estadístico-cartográfico de análise territorial”, realizado pola UPD.

DESEÑO GRÁFICO E IMAXE

- ▶ Deseño de logotipos e papelería da Unidade.
- ▶ Deseño e maquetación de toda a documentación elaborada pola UPD, en colaboración cos diversos departamentos.
- ▶ Colaboración coa entidade promotora, concellos, escolas obradoiro e outras entidades públicas no deseño de imaxes corporativas e materiais informativos e promocionais diversos, como folletos e carteis, programas de actividades, maquetación de documentos de traballo e proxectos, etc.
- ▶ Elaboración de fotografías e creación dun arquivo de imaxe dixital como apoio ás tarefas que a UPD realiza.
- ▶ Colaboración no deseño gráfico das páxinas web da UPD e da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

ASISTENCIA INFORMÁTICA

- ▶ Asistencia ás necesidades operativas da UPD no ámbito da informática e telemática: instalación de redes e equipos, mantimento do hardware e software, suministros e conexións, loxística, deseño informático, xestión da rede, programación, etc.
- ▶ Colaboración coa entidade promotora e os departamentos da UPD no deseño de diferentes bases de datos.
- ▶ Deseño dunha estrutura informática global para a páxina web da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- ▶ Deseño da estrutura informática da páxina web da Unidade.
- ▶ Impartición de cursos de HTML e Internet ó persoal da UPD.
- ▶ Colaboración, mediante o asesoramento informático, con entidades municipais e centros de desenvolvemento local de cara á conformación de intranets para a mellora dos sistemas de organización dos axentes locais vinculados ao desenvolvemento socioeconómico da área de Vigo.
- ▶ Colaboración coa entidade promotora no deseño e supervisión de auditorias informáticas das redes municipais.
- ▶ Colaboración no estudio das instalacións informáticas do Proxecto Pegaso (Inicativa europea ADAPT).
- ▶ Colaboración no estudio das instalacións informáticas das Aulas de Formación da Casa Rectoral do Casco Vello. Concello de Vigo .
- ▶ Colaboración en propostas de instalación informática do Centro de Iniciativas Empresariais da Granxa (O Porriño).

DOCUMENTACIÓN

- ▶ Conservación e arquivado dos fondos bibliográficos, cartográficos e documentais.
- ▶ Catalogación de novas publicacións.
- ▶ Arquivado de diarios oficiais.
- ▶ Elaboración dun dossier de prensa periódica con noticias referidas ós ámbitos de interese da Unidade.
- ▶ Mantemento do servizo de consulta de fondos.



PARTICIPACIÓN DO PERSOAL DA UNIDADE EN ACTIVIDADES FORMATIVAS E FOROS

- ▶ Xornadas GALIEMPREGO 99. Santiago de Compostela, xaneiro 1999.
- ▶ Xornadas MITE99. Mercado da Información e das Comunicacions. Silleda, febreiro 1999.
- ▶ Curso “Desarrollo de habilidades directivas”. Proxecto PEGASO (Iniciativa ADAPT). Vigo, febreiro 1999.
- ▶ Curso “Programas e accións de desenvolvemento empresarial”. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Santiago, marzo 1999.
- ▶ IV Jornadas de Escuelas Taller. Madrid, marzo 1999.
- ▶ Curso “Sistemas de información para a promoción económica”. Proxecto PEGASO (Iniciativa ADAPT). Vigo, marzo 1999.
- ▶ Curso “Internet: ferramenta de comunicación e marketing”. Proxecto PEGASO (Iniciativa ADAPT). Vigo, marzo 1999.
- ▶ Jornadas “Jóvenes emprendedores y empleo”. Gijón, marzo 1999.
- ▶ Xornadas “Introducción á promoción económica”. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Vigo, abril 1999.
- ▶ I Semana Galega do Emprendedor. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Vigo, abril 1999.
- ▶ Jornadas “Nuevos yacimientos de empleo”. Gijón, abril 1999.
- ▶ Curso “Planificación e xestión de establecementos turísticos no medio rural”. Santiago de Compostela, abril 1999.
- ▶ Visita do equipo a Ponte de Lima para coñecer experiencias de turismo rural e recuperación das actividades do artesanado. Ponte de Lima, maio 1999.
- ▶ “Xornadas forestais”. Semana Verde. Silleda, maio 1999.
- ▶ Curso “Páxinas web: Microsoft, Front Page”. Proxecto PEGASO (Iniciativa ADAPT). Vigo, xullo 1999.
- ▶ Curso “Trámites para a creación de empresas”. IGAPE. Santiago de Compostela, xullo 1999.
- ▶ Congreso “El desarrollo local ante el tercer milenio” San Sebastián, setembro 1999.
- ▶ Curso “Internet e diseño de páxinas web”. Proxecto PEGASO (Iniciativa ADAPT). Vigo, setembro 1999.
- ▶ Congreso “Ordenación e xestión sostible de montes”. Santiago de Compostela, outubro 1999.
- ▶ Curso “Turismo Rural”. IGAPE. Vigo, outubro 1999.
- ▶ Curso “Fiscalidade na pequena empresa”. IGAPE. Vigo, outubro 1999.
- ▶ “V Encuentros de desenvolvemento local e emprego”. Culleredo, novembro 1999.
- ▶ Curso “Xestión de axudas financiadas con fondos comunitarios para corporacións locais”. EGAP. Santiago de Compostela, decembro 1999.

- ▶ Visita do equipo a Allariz, para coñecer diversas experiencias no ámbito do desenvolvemento local. Allariz, decembro 1999.
- ▶ Congreso “Conxuntos e cascos histórico-artísticos”. Pontevedra, xaneiro 2000.
- ▶ Xornadas MITE 2000. Mercado da Información e das Comunicacións. Silleda, febreiro 2000.
- ▶ II Xornadas técnicas de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local. Santiago, febreiro 2000.
- ▶ Seminario “Iniciativas europeas”. Proxecto PEGASO (Iniciativa ADAPT). Vigo, marzo 2000.
- ▶ Xornadas sobre “Emprego nos colectivos con dificultades de inserción sociolaboral”. Concello de Vigo. Vigo, abril 2000.
- ▶ “VI Encontros de desenvolvemento local e emprego”. Concello de Culleredo. Culleredo, outubro 2000.
- ▶ Xornadas sobre “Cualificacións profesionais”. Instituto Galego das Cualificacións. Santiago de Compostela, outubro 2000.
- ▶ Visitas a Lugo e Ourense para coñecer o avance dos traballos das Unidades de Promoción e Desenvolvemento destas provincias. Lugo-Ourense, novembro 2000.
- ▶ II Congreso internacional “Restaurar a memoria”. Fundación del Patrimonio Histórico de Castilla y León. Valladolid. Novembro 2000.
- ▶ Seminario sobre “Microtoponimia”. Servicio de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Vigo e Dirección Xeral de Política Lingüística. Vigo, novembro 2000.
- ▶ Feira de mostras SIMO 2000. Madrid. Novembro 2000.
- ▶ II Semana galega do emprendedor “Os universitarios e a cultura emprendedora”. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Vigo, novembro 2000.
- ▶ Xornadas “VIARIA-Galicia 2001-2010”. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, xaneiro 2001.
- ▶ III Xornada técnica da Rede de Técnicos Locais de Emprego. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Santiago de Compostela, marzo 2001.
- ▶ II Congreso Galego de Cooperativismo. Participación na mesa redonda “Cooperativas e desenvolvemento local”. Lugo, abril 2001.
- ▶ Xornadas GALIEMPREGO 2001 “Novos empregos, novas profesións”. Santiago de Compostela, marzo 2001.



CLAUSURA DA UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo rematou o seu período de actividades o día 28 de xuño de 2001.

O acto de clausura oficial da Unidade tivo lugar o día 26 de xuño no Salón de Actos do Concello de Vigo, e nel tomaron parte o Presidente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, o Delegado Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e o Director da Unidade de Promoción e Desenvolvemento.

A dito acto foron convidados o colectivo de técnicos locais de emprego e os directivos e persoal das distintas escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra, así como entidades e axentes locais da área de Vigo e cargos e persoal técnico das administracións públicas relacionadas cos ámbitos de traballo da UPD.





CARA UN NOVO PROXECTO DE UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

O Decreto 134/2001, do 7 de xuño, establece o programa das Unidades de Promoción e Desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, indicando os obxectivos ós que van destinadas e as características fundamentais do seu funcionamento para os vindeiros anos.

Tendo en conta este novo marco legal, a Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo estableceu, na súa etapa final de actividades, os trazos xerais dun novo proxecto de Unidade para o período 2001-2004.

A formulación deste novo proxecto recolle a experiencia acadada neste tempo polo equipo técnico da Unidade, tanto polo que se refere a súa intervención en accións de desenvolvemento territorial e dinamización de actores locais, como polo que respecta á promoción e dinamización dos programas públicos de emprego, especialmente os proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego da provincia de Pontevedra.

Por outra banda, co novo proxecto pretéñese dar continuidade a un conxunto de iniciativas, produtos e recursos xerados durante esta etapa que, no marco dun novo proxecto de Unidade, haberán de potenciarse, facendo que o seu valor e utilidade se incrementen.

Así pois, a experiencia acadada e os recursos xerados durante este período de actividades, fundamentan o deseño das liñas de actuación e accións do novo proxecto de UPD que, por unha banda, establece unha necesaria continuidade con respecto ó proxecto anterior, no tocante ás accións que se teñen demostrado útiles e ó reforzamento de servicios e produtos creados e, por outro lado, propón actividades innovadoras a través dun conxunto de novas accións que tratan de adaptarse á realidade territorial e ás necesidades que presentan os actores locais e os programas públicos de emprego ós que ás UPD deben apoiar para promover o desenvolvemento e a xeración de traballo.



